

XEFATURA DO ESTADO

8444 LEI ORGÁNICA 5/2007, do 20 de abril, de reforma do Estatuto de autonomía de Aragón. («BOE 97, do 23-4-2007.»)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Aragón, nacionalidade histórica, exerce o seu dereito á autonomía ao abeiro da Constitución española. As súas institucións de autogoberno fundamentan a súa actuación no respecto á lei, á liberdade, á xustiza e aos valores democráticos.

O Reino de Aragón é a referencia dunha longa historia do pobo aragonés que durante séculos deu nome e contribuíu á expansión da Coroa de Aragón. Sinal de identidade da súa historia é o dereito foral, que se fundamenta en dereitos orixinarios e é fiel reflexo dos valores aragoneses de pacto, lealdade e liberdade. Este carácter foral tivo reflexo na Compilación do século XIII, no chamado Compromiso de Caspe de 1412 e na identificación das súas liberdades no Xustiza de Aragón.

Este estatuto incorpora disposicións que afondan e perfeccionan os instrumentos de autogoberno, mellora o funcionamento institucional, acolle dereitos dos aragoneses que quedan así mellor protexidos, amplía e consolida espazos competenciais e ábrese a novos horizontes como o da súa vocación europea, asociada á súa tradicional vontade de superar fronteiras.

Este estatuto sitúa Aragón no lugar que, como nacionalidade histórica, lle corresponde dentro de España e, a través dela, a súa pertenza á Unión Europea e dota a comunidade autónoma dos instrumentos precisos para seguir facendo realidade o progreso social, cultural e económico dos homes e mulleres que viven e traballan en Aragón, comprometendo os seus poderes públicos na promoción e defensa da democracia.

Por todo isto, o pobo aragonés, representado polas Cortes de Aragón, propuxo, e as Cortes Xerais, respectando a vontade popular aragonesa, aprobaron este estatuto de autonomía, que substitúe o aprobado mediante Lei orgánica 8/1982, do 10 de agosto, coas súas modificacións posteriores.

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. *O autogoberno de Aragón.*

1. Aragón, nacionalidade histórica, exerce o seu autogoberno de acordo con este estatuto, no exercicio do dereito á autonomía que a Constitución reconece e garante a toda nacionalidade.

2. Os poderes da Comunidade Autónoma de Aragón emanan do pobo aragonés e da Constitución.

3. A Comunidade Autónoma de Aragón, dentro do sistema constitucional español, ten pola súa historia unha identidade propia en virtude das súas institucións tradicionais, o dereito foral e a súa cultura.

Artigo 2. *Territorio.*

O territorio da comunidade autónoma correspóndese co histórico de Aragón, e comprende o dos municipios, comarcas e provincias de Huesca, Teruel e Zaragoza.

Artigo 3. *Símbolos e capitalidade.*

1. A bandeira de Aragón é a tradicional das catro barras vermellas horizontais sobre fondo amarelo.

2. O escudo de Aragón é o tradicional dos catro cuarteis, rematado pola coroa correspondente, que figurará no centro da bandeira.

3. A capital de Aragón é a cidade de Zaragoza.

4. O día de Aragón é o 23 de abril.

Artigo 4. *Condición política de aragonés.*

1. Para os efectos deste estatuto, gozan da condición política de aragoneses os cidadáns españois que teñan veciñanza administrativa en calquera dos municipios de Aragón ou cumpran os requisitos que a lexislación aplicable poida establecer.

2. Como aragoneses, gozan tamén dos dereitos políticos determinados neste estatuto os cidadáns españois residentes no estranxeiro que tivesen a súa última veciñanza administrativa en Aragón e acrediten esta condición no correspondente Consulado de España ou cumpran os requisitos establecidos na lexislación estatal. Os mesmos dereitos corresponderán aos seus descendentes, se así o solicitan, sempre que teñan a nacionalidade española na forma que determine a lei.

3. Os poderes públicos aragoneses, dentro do marco constitucional, establecerán as vías adecuadas para facilitar e potenciar a participación nas decisións de interese xeral dos cidadáns estranxeiros residentes en Aragón.

Artigo 5. *Organización territorial.*

Aragón estrutura a súa organización territorial en municipios, comarcas e provincias.

Artigo 6. *Dereitos e liberdades.*

1. Os dereitos e liberdades dos aragoneses e aragonesas son os recoñecidos na Constitución, os incluídos na Declaración Universal de Dereitos Humanos e nos demais instrumentos internacionais de protección deles subscritos ou ratificados por España, ben como os establecidos no ámbito da Comunidade Autónoma por este estatuto.

2. Os poderes públicos aragoneses están vinculados por estes dereitos e liberdades e deben velar pola súa protección e respecto, ben como promover o seu pleno exercicio.

3. Os dereitos e principios do título I deste estatuto non suporán unha alteración do réxime de distribución de competencias, nin a creación de títulos competenciais novos ou a modificación dos xa existentes. Ningunha das súas disposicións pode ser desenvolvida, aplicada ou interpretada de forma que reduza ou limite os dereitos fundamentais recoñecidos pola Constitución e polos tratados e convenios internacionais ratificados por España.

Artigo 7. *Linguas e modalidades lingüísticas propias.*

1. As linguas e modalidades lingüísticas propias de Aragón constitúen unha das manifestacións máis destacadas do patrimonio histórico e cultural aragonés e un valor social de respecto, convivencia e entendemento.

2. Unha lei das Cortes de Aragón establecerá as zonas de uso predominante das linguas e modalidades propias de Aragón, regulará o réxime xurídico, os dereitos de utilización dos falantes deses territorios, promoverá a protección, recuperación, ensino, promoción e difusión do patrimonio lingüístico de Aragón, e favorecerá, nas zonas de utilización predominante, o uso das linguas propias nas relacións dos cidadáns coas administracións públicas aragonesas.

3. Ninguén poderá ser discriminado por razón da lingua.

Artigo 8. *Comunidades aragonesas no exterior.*

1. Os poderes públicos aragoneses deben fomentar os vínculos sociais e culturais coas comunidades aragonesas do exterior e prestarlles a axuda necesaria, ben como velar para que poidan exercer o seu dereito a participar, colaborar e compartir a vida social e cultural do pobo aragonés. Unha lei das Cortes de Aragón regulará o alcance, o contido e a forma de exercicio deste dereito, sen prexuízo das competencias do Estado.

2. O Goberno de Aragón, no ámbito das súas competencias, poderá formalizar acordos de cooperación con institucións e entidades dos territorios en que existan comunidades aragonesas do exterior e solicitar do Estado a celebración dos correspondentes tratados ou convenios internacionais.

Artigo 9. *Eficacia das normas.*

1. As normas e disposicións da Comunidade Autónoma de Aragón terán eficacia territorial, sen prexuízo das excepcións que se poidan establecer en cada materia e das situacións que se deban rexer polo estatuto persoal ou outras regras de extraterritorialidade.

2. O dereito foral de Aragón terá eficacia persoal e será de aplicación a todos os que teñan a veciñanza civil aragonesa, independentemente do lugar da súa residencia, con excepción daquelas disposicións a que legalmente se lles atribúa eficacia territorial.

3. Os estranxeiros que adquiren a nacionalidade española quedarán suxeitos á veciñanza civil aragonesa, se no momento da súa adquisición teñen veciñanza administrativa en Aragón, salvo que manifesten a súa vontade en contrario, de acordo co disposto na lexislación do Estado.

Artigo 10. *Incorporación doutros territorios ou municipios.*

Poderanse incorporar á Comunidade Autónoma de Aragón outros territorios ou municipios, limítrofes ou enclavados, mediante o cumprimento dos requisitos seguintes, sen prexuízo doutros que se poidan legalmente exixir:

a) Que soliciten a incorporación o concello ou a maioría dos concellos interesados, e que se oia a comunidade ou provincia a que pertencen os territorios ou municipios a agregar.

b) Que o acorden os habitantes de tales municipios ou territorios mediante consulta expresamente convocada para o efecto e despois da autorización competente.

c) Que o aproben as Cortes de Aragón e, posteriormente, as Cortes Xerais do Estado, mediante lei orgánica.

TÍTULO I

Dereitos e principios reitores

CAPÍTULO I

Dereitos e deberes dos aragoneses e aragonesas

Artigo 11. *Disposicións xerais.*

1. Os dereitos, liberdades e deberes dos aragoneses e aragonesas son os establecidos na Constitución e neste estatuto.

2. Os que gocen da condición política de aragonés son titulares dos dereitos regulados neste capítulo, sen prexuízo da súa extensión a outras persoas, nos termos que establezan este estatuto e as leis.

3. Os poderes públicos aragoneses promoverán as medidas necesarias para garantir de forma efectiva o exercicio destes dereitos.

Artigo 12. *Dereitos das persoas.*

1. Todas as persoas teñen dereito a vivir con dignidade, seguranza e autonomía, libres de explotación, de maos tratos e de todo tipo de discriminación, e teñen dereito ao libre desenvolvemento da súa personalidade e capacidade persoal.

2. Todas as persoas teñen dereito ás prestacións sociais destinadas ao seu benestar, e aos servizos de apoio ás responsabilidades familiares para conciliar a vida laboral e familiar, nas condicións establecidas polas leis.

Artigo 13. *Dereitos e deberes en relación coa cultura.*

1. Todas as persoas teñen dereito a acceder, en condicións de igualdade, á cultura, ao desenvolvemento das súas capacidades creativas e ao desfrute do patrimonio cultural.

2. Todas as persoas e os poderes públicos aragoneses teñen o deber de respectar o patrimonio cultural e colaborar na súa conservación e desfrute.

Artigo 14. *Dereito á saúde.*

1. Todas as persoas teñen dereito a acceder aos servizos públicos de saúde, en condicións de igualdade, universalidade e calidade, e os usuarios do sistema público de saúde teñen dereito á libre escolla de médico e centro sanitario, nos termos que establecen as leis.

2. Os poderes públicos aragoneses garantirán a existencia dun sistema sanitario público desenvolvido desde os principios de universalidade e calidade, e unha asistencia sanitaria digna, con información suficiente ao paciente sobre os dereitos que o asisten como usuario.

3. Os poderes públicos aragoneses velarán especialmente polo cumprimento do consentimento informado.

4. Todas as persoas poderán expresar a súa vontade, mesmo de forma anticipada, sobre as intervencións e tratamentos médicos que desexan recibir, na forma e cos efectos previstos nas leis.

Artigo 15. *Dereito de participación.*

1. Os aragoneses teñen dereito a participar en condicións de igualdade nos asuntos públicos, nos termos que establecen a Constitución, este estatuto e as leis.

2. Os aragoneses teñen dereito a presentar iniciativas lexislativas perante as Cortes de Aragón, ben

como a participar no proceso de elaboración das leis, de acordo co que establezan a lei e o regulamento das Cortes.

3. Os poderes públicos aragoneses promoverán a participación social na elaboración, execución e avaliación das políticas públicas, ben como a participación individual e colectiva nos ámbitos cívico, político, cultural e económico.

Artigo 16. *Dereitos en relación cos servizos públicos.*

1. Todas as persoas teñen dereito a acceder en condicións de igualdade a uns servizos públicos de calidade.

2. Os cidadáns e cidadás, no marco do regulado polas leis, teñen dereito a formular solicitudes, peticións, reclamacións e recursos ante as administracións públicas e a que estes sexan resoltos nos prazos adecuados.

3. Todas as persoas teñen dereito á protección dos seus datos persoais contidos nas bases de datos das administracións públicas e empresas públicas aragonesas e as empresas privadas que traballen ou colaboren con elas. Igualmente, terán dereito a acceder a eles, ao seu exame e a obter a súa corrección e cancelación.

Artigo 17. *Dereitos de consumidores e usuarios.*

1. Todas as persoas, como consumidoras e usuarias, teñen dereito á protección da súa saúde e a súa seguranza.

2. A lei regulará o dereito de consumidores e usuarios á información e a protección, ben como os procedementos de participación nas cuestións que os poidan afectar.

Artigo 18. *Dereitos e deberes en relación co ambiente.*

1. Todas as persoas teñen dereito a vivir nun ambiente equilibrado, sustentable e respectuoso para a saúde, de acordo cos estándares e os niveis de protección que determinan as leis. Teñen tamén dereito a gozar dos recursos naturais en condicións de igualdade e o deber de facer un uso responsable deles e evitar o seu estrago.

2. Todas as persoas teñen dereito á protección ante as distintas formas de contaminación, de acordo cos estándares e os niveis que se determinen por lei. Teñen tamén o deber de colaborar na conservación do patrimonio natural e nas actuacións que tendan a eliminar as diferentes formas de contaminación, co obxectivo do seu mantemento e conservación para as xeracións presentes e futuras.

3. Todas as persoas teñen dereito a acceder á información ambiental de que dispoñen os poderes públicos, nos termos que establecen as leis.

4. A actividade dos poderes públicos guiarase polos principios de prevención, precaución e respecto aos dereitos das futuras xeracións.

Artigo 19. *Dereitos en relación coa auga.*

1. Os aragoneses, no marco do desenvolvemento sustentable, da participación e da utilización eficaz e eficiente do recurso, teñen dereito a dispor do abastecemento de auga en condicións de cantidade e calidade suficientes para atender as súas necesidades presentes e futuras, tanto para o consumo humano como para o desenvolvemento de actividades sociais e económicas

que permitan a vertebración e o reequilibrio territorial de Aragón.

2. Os poderes públicos aragoneses velarán pola conservación e mellora dos recursos hidrolóxicos, ríos, zonas húmidas e ecosistemas e paisaxes vinculadas, mediante a promoción dun uso racional da auga, a fixación de caudais ambientais apropiados e a adopción de sistemas de saneamento e depuración de augas adecuados.

3. Corresponde aos poderes públicos aragoneses, nos termos que establece este estatuto e de acordo co principio de unidade de bacía, a Constitución, a lexislación estatal e a normativa comunitaria aplicables, velar especialmente para evitar transferencias de augas das bacías hidrográficas de que forma parte a Comunidade Autónoma que atinxan intereses de sustentabilidade, atendendo aos dereitos das xeracións presentes e futuras.

CAPÍTULO II

Principios reitores das políticas públicas

Artigo 20. *Disposicións xerais.*

Corresponde aos poderes públicos aragoneses, sen prexuízo da acción estatal e dentro do ámbito das súas respectivas competencias:

a) Promover as condicións adecuadas para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude, e facilitar a participación de todos os aragoneses na vida política, económica, cultural e social.

b) Impulsar unha política tendente á mellora e equiparación das condicións de vida e traballo dos aragoneses, propugnando especialmente as medidas que favorezan o arraigo e o regreso dos que viven e traballan fóra de Aragón.

c) Promover a corrección dos desequilibrios económicos, sociais e culturais entre os diferentes territorios de Aragón, fomentando a súa mutua solidariedade.

Artigo 21. *Educación.*

Os poderes públicos aragoneses desenvolverán un modelo educativo de calidade e de interese público que garanta o libre desenvolvemento da personalidade dos alumnos, no marco do respecto aos principios constitucionais e estatutarios e ás singularidades de Aragón.

Artigo 22. *Patrimonio cultural.*

1. Os poderes públicos aragoneses promoverán a conservación, coñecemento e difusión do patrimonio cultural, histórico e artístico de Aragón, a súa recuperación e enriquecemento.

2. En particular, os poderes públicos aragoneses desenvolverán as actuacións necesarias para facer realidade o regreso a Aragón de todos os bens integrantes do seu patrimonio cultural, histórico e artístico que se encontran fóra do seu territorio.

Artigo 23. *Benestar e cohesión social.*

1. Os poderes públicos de Aragón promoverán e garantirán un sistema público de servizos sociais suficiente para a atención de persoas e grupos, orientado ao

logro do seu pleno desenvolvemento persoal e social, ben como especialmente á eliminación das causas e efectos das diversas formas de marxinação ou exclusión social, garantindo unha renda básica nos termos previstos pola lei.

2. Os poderes públicos aragoneses promoverán as condicións necesarias para a integración das minorías étnicas e, en especial, da comunidade xitana.

Artigo 24. *Protección persoal e familiar.*

Os poderes públicos aragoneses orientarán as súas políticas de acordo cos seguintes obxectivos:

a) Mellorar a calidade de vida e o benestar de todas as persoas.

b) Garantir a protección integral da familia e os dereitos de toda forma de convivencia recoñecida polo ordenamento xurídico.

c) Garantir a igualdade entre o home e a muller en todos os ámbitos, con atención especial á educación, o acceso ao emprego e as condicións de traballo.

d) Garantir o dereito de todas as persoas a non ser discriminadas por razón da súa orientación sexual e identidade de xénero.

e) Garantir a protección da infancia, en especial contra toda forma de explotación, maos tratos ou abandono.

f) Favorecer a emancipación dos mozos, facilitando o seu acceso ao mundo laboral e á vivenda.

g) Garantir a protección das persoas idosas, para que desenvolvan unha vida digna, independente e participativa.

Artigo 25. *Promoción da autonomía persoal.*

1. Os poderes públicos aragoneses promoverán medidas que garantan a autonomía e a integración social e profesional das persoas con discapacidades, ben como a súa participación na vida da comunidade.

2. Os poderes públicos aragoneses promoverán o ensino e o uso da lingua de signos española que lles permita ás persoas xordas alcanzaren a plena igualdade de dereitos e deberes.

Artigo 26. *Emprego e traballo.*

Os poderes públicos de Aragón promoverán o pleno emprego de calidade en condicións de seguranza; a prevención dos riscos laborais; a igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo; a formación e promoción profesionais, e a conciliación da vida familiar e laboral.

Artigo 27. *Vivenda.*

Os poderes públicos da Comunidade Autónoma promoverán, de forma efectiva, o exercicio do dereito a unha vivenda digna, facilitando o acceso a esta en réxime de propiedade ou aluguer, mediante a utilización racional do solo e a promoción de vivenda pública e protexida, prestando especial atención aos mozos e colectivos máis necesitados.

Artigo 28. *Ciencia, comunicación social e creación artística.*

1. Os poderes públicos aragoneses fomentarán a investigación, o desenvolvemento e a innovación científica, tecnolóxica e técnica de calidade, ben como a creatividade artística.

2. Do mesmo modo, promoverán as condicións para garantir no territorio de Aragón o acceso sen discriminacións aos servizos audiovisuais e ás tecnoloxías da información e a comunicación.

3. Corresponde aos poderes públicos aragoneses promover as condicións para garantir o dereito a unha información veraz, cuxos contidos respecten a dignidade das persoas e o pluralismo político, social e cultural.

Artigo 29. *Fomento da integración social das persoas inmigrantes.*

Os poderes públicos de Aragón promoverán as políticas necesarias para a integración socioeconómica das persoas inmigrantes, a efectividade dos seus dereitos e deberes, a súa integración no mundo educativo e a participación na vida pública.

Artigo 30. *Cultura dos valores democráticos.*

Os poderes públicos aragoneses promoverán a cultura da paz, mediante a incorporación de valores de non-violencia, tolerancia, participación, solidariedade e xustiza, especialmente no sistema educativo. Así mesmo, facilitarán a protección social das vítimas da violencia e, en especial, a de xénero e a de actos terroristas.

Artigo 31. *Información institucional.*

Os poderes públicos aragoneses velarán polo carácter e tratamento institucional da información e datos obtidos por eles.

TÍTULO II

Organización institucional da Comunidade Autónoma de Aragón

Artigo 32. *Institucións.*

Son institucións da Comunidade Autónoma de Aragón as Cortes, o Presidente, o Goberno ou a Deputación Xeral e o Xustiza.

CAPÍTULO I

As Cortes de Aragón

Artigo 33. *Disposicións xerais.*

1. As Cortes de Aragón representan o pobo aragonés, exercen a potestade lexislativa, aproban os orzamentos da comunidade autónoma, impulsan e controlan a acción do Goberno de Aragón, e exercen as demais competencias que lles confiren a Constitución, este estatuto e o resto de normas do ordenamento xurídico.

2. As Cortes de Aragón son inviolables.

Artigo 34. *Autonomía parlamentaria.*

As Cortes establecen o seu propio regulamento, aproban os seus orzamentos e regulan o estatuto dos seus funcionarios e persoal. O regulamento apróbbase por maioría absoluta dos seus membros.

Artigo 35. *Sede.*

A sede permanente das Cortes de Aragón é a cidade de Zaragoza, no Palacio de la Aljafería, sen prexuízo de que se poidan celebrar sesións noutros lugares dentro do territorio de Aragón.

Artigo 36. *Composición.*

As Cortes de Aragón, segundo se estableza na lei electoral, estarán integradas por un número de deputados e deputadas comprendido entre sesenta e cinco e oitenta, correspondendo a cada circunscrición electoral un número tal que a cifra de habitantes necesarios para asignar un deputado á circunscrición máis poboada non supere 2,75 veces a correspondente á menos poboada.

Artigo 37. *Réxime electoral.*

1. As Cortes de Aragón terán carácter unicameral e estarán constituídas por deputados e deputadas elixidos mediante sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto.

2. As Cortes de Aragón serán elixidas por un período de catro anos.

3. A elección verificarase atendendo a criterios de representación proporcional, que asegure, ademais, a representación das diversas zonas do territorio.

4. A circunscrición electoral será a provincia.

5. Serán elixibles a Cortes de Aragón os cidadáns e cidadás que, tendo a condición política de aragoneses, e de acordo co previsto na lei electoral, estean no pleno uso dos seus dereitos políticos.

6. A lei electoral, aprobada nas Cortes de Aragón por maioría absoluta, determinará as causas de inelixibilidade e incompatibilidade dos deputados.

Artigo 38. *Estatuto dos deputados.*

1. Os deputados e deputadas das Cortes de Aragón non estarán vinculados por mandato imperativo e serán inviolables, mesmo despois de ter cesado no seu mandato, polos votos e opinións que emitan no exercicio do seu cargo.

2. Durante o seu mandato non poderán ser detidos nin retidos polos actos delituosos cometidos no territorio aragonés, senón en caso de flagrante delito, correspondendo decidir, en todo caso, sobre a súa inculpación, prisión, procesamento e xuízo ao Tribunal Superior de Xustiza de Aragón. Fóra dese territorio, a súa responsabilidade penal será exigible, nos mesmos termos, perante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.

Artigo 39. *Organización.*

1. As Cortes de Aragón elixirán, de entre os seus membros, un presidente, unha Mesa e unha Deputación Permanente.

2. As Cortes funcionarán en pleno e en comisións.

3. As comisións serán permanentes e, se é o caso, especiais ou de investigación. As comisións permanentes terán como función fundamental, entre outras, determinar os proxectos e proposicións de lei, para o seu posterior debate e aprobación no pleno.

4. Durante o tempo en que as Cortes de Aragón non estean reunidas, expírase o seu mandato ou fosen disoltas, constituirase unha Deputación Permanente, cuxa composición, elección dos seus membros, procedementos de actuación e funcións regula o Regulamento das Cortes.

5. Os deputados e deputadas das Cortes de Aragón constituiranse en grupos parlamentarios, cuxas condicións de formación, organización e funcións regula o Regulamento da cámara. Os grupos parlamentarios participarán na Deputación Permanente e comisións, en proporción á súa importancia numérica.

Artigo 40. *Funcionamento.*

1. As Cortes de Aragón reuniranse en sesións ordinarias e extraordinarias.

2. Os períodos ordinarios de sesións terán lugar entre setembro e decembro, o primeiro, e entre febreiro e xuño, o segundo.

3. As sesións extraordinarias serán convocadas polo presidente das Cortes de Aragón, con especificación, en todo caso, da orde do día, por petición da Deputación Permanente, dunha quinta parte dos deputados ou do número de grupos parlamentarios que o Regulamento das Cortes determine, ben como por petición do Goberno de Aragón.

Artigo 41. *Funcións.*

Corresponde ás Cortes de Aragón:

a) A elección, de entre aos seus membros, do presidente de Aragón.

b) A elección, nomeamento e cesamento do Xustiza de Aragón, conforme o establecido na lei que o regule.

c) A designación dos senadores a que se refire o artigo 69.5 da Constitución. Esta designación deberase facer en proporción ao número de deputados de cada grupo parlamentario, nos termos que estableza unha lei de Cortes de Aragón.

d) O exercicio da iniciativa lexislativa prevista no artigo 87.2 da Constitución.

e) O exercicio da iniciativa de reforma da Constitución.

f) A fixación das previsións de índole política, social e económica que, de acordo co artigo 131.2 da Constitución, deba subministrar a Comunidade Autónoma de Aragón ao Goberno de España, para a elaboración dos proxectos de planificación.

g) A ratificación dos acordos de cooperación a que fai referencia o artigo 145.2 da Constitución e o coñecemento dos convenios de xestión e prestación de servizos nos termos previstos no artigo 91.2 deste estatuto.

h) A aprobación do programa do Goberno de Aragón.

i) O exame e a aprobación das súas contas e das contas da comunidade autónoma, sen prexuízo do control que corresponda á Cámara de Contas de Aragón ou, se é o caso, ao Tribunal de Contas.

j) A interposición do recurso de inconstitucionalidade e a comparecencia ante o Tribunal Constitucional nos conflitos de competencias.

k) A aprobación dos plans xerais relativos ao desenvolvemento económico da Comunidade Autónoma de Aragón, dentro dos obxectivos marcados pola política económica xeral.

l) A recepción da información que proporcionará o Goberno de España sobre tratados internacionais e proxectos de lexislación aduaneira, en canto se refiran a materias de particular interese para Aragón.

m) O exercicio da potestade tributaria e a autorización do recurso ao crédito.

n) O control dos medios de comunicación social cuxa titularidade corresponda á comunidade autónoma.

ñ) O control do uso da delegación lexislativa a que fai referencia o artigo 43, sen prexuízo do control polos tribunais.

o) A validación dos decretos leis a que fai referencia o artigo 44.

p) Calquera outra que lle atribúa a Constitución, este estatuto ou o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 42. Potestade lexislativa.

1. As Cortes de Aragón exercen a potestade lexislativa.
2. A iniciativa lexislativa correspóndelles aos membros das Cortes de Aragón e ao Goberno de Aragón, nos termos que establezan a lei e o regulamento das Cortes. Por lei das Cortes de Aragón regularase a iniciativa lexislativa popular.

Artigo 43. Delegación lexislativa.

1. As Cortes de Aragón poden delegar no Goberno de Aragón a potestade de ditar normas con rango de lei. Non caberá a delegación para a aprobación do orzamento da comunidade autónoma, a regulación esencial dos dereitos recoñecidos polo Estatuto, o desenvolvemento básico das súas institucións ou o réxime electoral.
2. As disposicións do Goberno que conteñen lexislación delegada denomínanse decretos lexislativos.
3. A delegación debe ser expresa, mediante lei, para unha materia concreta e coa determinación dun prazo certo para exercela. A delegación esgótase polo transcurso do prazo ou pola aprobación do decreto lexislativo correspondente. Non se pode facer uso da delegación cando o Goberno se encontra en funcións por disolución das Cortes.
4. Cando se trate de autorizar o Goberno de Aragón para formular un novo texto articulado, as leis de delegación fixarán con precisión as bases e criterios a que se debe axustar o Goberno no exercicio da delegación lexislativa. Cando se trate de autorizar o Goberno para refundir textos legais, a lei habilitante determinará o alcance e os criterios da refundición.
5. O control parlamentario da lexislación delegada será regulado polo Regulamento das Cortes de Aragón e, se é o caso, pola mesma lei de delegación.

Artigo 44. Decretos leis.

1. En caso de necesidade urxente e extraordinaria, o Goberno de Aragón pode ditar disposicións lexislativas provisionais baixo a forma de decreto lei. Non poden ser obxecto de decreto lei o desenvolvemento dos dereitos, deberes e liberdades dos aragoneses e das institucións reguladas no título II, o réxime electoral, os tributos e o orzamento da comunidade autónoma.
2. Os decretos leis quedarán derogados se no prazo improrrogable dos trinta días seguintes ao da súa publicación non fosen validados expresamente polas Cortes de Aragón despois dun debate e unha votación de totalidade.
3. Sen prexuízo da súa validación, as Cortes de Aragón poden tramitar os decretos leis como proxectos de lei adoptando o acordo correspondente dentro do prazo establecido polo número anterior.

Artigo 45. Promulgación e publicación das leis.

As leis aragonesas serán promulgadas, en nome do rei, polo presidente, que ordenará a súa publicación no «Boletín Oficial de Aragón» e no «Boletín Oficial del Estado», nun prazo non superior a quince días desde a súa aprobación. Para efectos da súa vixencia, rexerá a data de publicación no «Boletín Oficial de Aragón».

CAPÍTULO II**O presidente****Artigo 46. Disposicións xerais.**

1. O presidente de Aragón é elixido polas Cortes de Aragón, de entre os seus deputados e deputadas, e nomeado polo rei.
2. O presidente exerce a suprema representación de Aragón e a ordinaria do Estado neste territorio. Preside o Goberno de Aragón e dirixe e coordina a súa acción.
3. O presidente responde politicamente ante as Cortes de Aragón.

Artigo 47. Estatuto persoal.

O presidente de Aragón non poderá exercer outras funcións representativas que as propias do mandato parlamentario, nin calquera outra función pública que non derive do seu cargo, nin actividade profesional ou mercantil ningunha.

Artigo 48. Investidura.

1. O presidente das Cortes de Aragón, despois de consulta coas forzas políticas representadas parlamentariamente, e oída a Mesa, propondrá un candidato a presidente do Goberno de Aragón.
2. O candidato presentará o seu programa ás Cortes. Para ser elixido, o candidato deberá, en primeira votación, obter maioría absoluta; de non a obter, procederase a unha nova votación vinte e catro horas despois da anterior, e a confianza entenderase outorgada se obtiver maioría simple. Caso de non conseguir esa maioría, tramitaranse sucesivas propostas na forma prevista anteriormente, debendo mediar entre cada unha delas un prazo non superior a dez días.
3. Se transcorrido o prazo de dous meses a partir da constitución das Cortes de Aragón ningún candidato fose investido, as Cortes electas quedarán disoltas, procedéndose á convocatoria de novas eleccións.

Artigo 49. Cuestión de confianza.

1. O presidente do Goberno de Aragón, despois de deliberación deste, pode promover ante as Cortes de Aragón a cuestión de confianza sobre o seu programa ou sobre unha declaración de política xeral.
2. A confianza entenderase outorgada cando o presidente obteña a maioría simple dos votos emitidos.
3. O presidente, xunto co seu Goberno, cesará se as Cortes de Aragón lle negan a confianza. Deberá, entón, procederse á elección dun novo presidente.

Artigo 50. Moción de censura.

1. As Cortes de Aragón poderán exixir a responsabilidade política do presidente e do Goberno de Aragón, mediante a adopción, por maioría absoluta, dunha moción de censura.
2. A moción de censura deberá ser proposta, polo menos, por un quince por cento dos deputados e deputadas, e deberá incluír un candidato á Presidencia do Goberno de Aragón.
3. O Regulamento das Cortes de Aragón regula o seu procedemento.
4. Se as Cortes de Aragón aproban unha moción de censura, cesarán o presidente e, con el, o seu Goberno. O candidato á Presidencia entenderase investido do

cargo e o presidente das Cortes comunicarallo ao rei para o seu nomeamento.

5. Se a moción de censura non é aprobada polas Cortes, os seus signatarios non poderán subscribir outra até transcorrido un ano desde a data da votación.

Artigo 51. *Cesamento.*

O presidente cesa pola celebración de eleccións a Cortes de Aragón, pola aprobación dunha moción de censura, pola perda dunha cuestión de confianza, por dimisión, por incapacidade permanente que o imposibilite para o exercicio do seu cargo recoñecida polas Cortes de Aragón por maioría absoluta, por sentenza firme que o inhabilite para o exercicio do seu cargo, por perda da condición de deputado ou deputada das Cortes de Aragón ou por incompatibilidade non corrixida.

Artigo 52. *Disolución das Cortes de Aragón.*

1. O presidente, despois de deliberación do Goberno de Aragón e baixo a súa exclusiva responsabilidade, poderá acordar a disolución das Cortes de Aragón con anticipación ao termo natural da lexislatura.

2. A disolución acordarase por decreto, no cal se convocarán, pola súa vez, eleccións, conténdose nel cantos requisitos exixa a lexislación electoral aplicable.

3. As Cortes de Aragón non poderán ser disoltas cando estea en trámite unha moción de censura.

4. Non procederá nova disolución antes de que transcorra un ano desde a anterior, salvo o disposto no artigo 48, número 3.

CAPÍTULO III

O Goberno de Aragón ou a Deputación Xeral de Aragón

Artigo 53. *Disposicións xerais.*

1. O Goberno de Aragón exerce a función executiva e a potestade regulamentaria.

2. O Goberno de Aragón estará constituído polo presidente, os vicepresidentes, se é o caso, e os conselleiros, os cales o presidente nomea e separa libremente.

3. O Goberno de Aragón responde politicamente ante as Cortes de Aragón de forma solidaria, sen prexuízo da responsabilidade directa de cada conselleiro pola súa xestión.

Artigo 54. *Sede.*

1. A sede do Goberno de Aragón é a cidade de Zaragoza, sen prexuízo de se poderen celebrar reunións noutros lugares dentro do territorio da comunidade autónoma.

2. Por lei de Cortes de Aragón poderase modificar a sede do Goberno de Aragón.

Artigo 55. *Estatuto persoal dos membros do Goberno de Aragón.*

1. O presidente e os demais membros do Goberno de Aragón, durante o seu mandato e polos actos delituosos cometidos no territorio de Aragón, non poderán ser detidos nin retidos, senón en suposto de flagrante delito, correspondendo decidir, en todo caso, sobre a súa inculcación, prisión, procesamento e xuízo ao Tribunal Superior de Xustiza de Aragón.

2. Fóra do ámbito territorial de Aragón, a responsabilidade penal será exigible nos mesmos termos perante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.

3. Unha lei de Cortes de Aragón determinará o estatuto, as atribucións e as incompatibilidades dos membros do Goberno de Aragón.

Artigo 56. *Cesamento.*

1. O Goberno de Aragón cesa cando o fai o seu presidente.

2. O Goberno de Aragón cesante continuará en funcións até a toma de posesión do novo.

Artigo 57. *Procedementos ante o Tribunal Constitucional.*

O Goberno de Aragón poderá interpor recursos de inconstitucionalidade, promover conflitos de competencias e comparecer no Tribunal Constitucional nos supostos e termos previstos na Constitución e na Lei orgánica do Tribunal Constitucional.

Artigo 58. *O Consello Consultivo de Aragón.*

1. O Consello Consultivo de Aragón é o supremo órgano consultivo do Goberno e a Administración da comunidade autónoma. Exerce as súas funcións con autonomía orgánica e funcional, co fin de garantir a súa obxectividade e independencia.

2. A súa organización, composición e funcións regularanse por unha lei específica das Cortes de Aragón.

CAPÍTULO IV

O Xustiza de Aragón

Artigo 59. *Disposicións xerais.*

1. O Xustiza de Aragón, sen prexuízo da institución prevista no artigo 54 da Constitución e a súa coordinación con ela, ten como misións específicas:

a) A protección e defensa dos dereitos individuais e colectivos recoñecidos neste estatuto.

b) A tutela do ordenamento xurídico aragonés, velando pola súa defensa e aplicación.

c) A defensa deste estatuto.

2. No exercicio da súa función, o Xustiza de Aragón poderá supervisar:

a) A actividade da Administración da comunidade autónoma, constituída para estes efectos polo conxunto de órganos integrados no Goberno de Aragón, ben como pola totalidade dos entes dotados de personalidade xurídica dependentes del.

b) A actividade dos entes locais aragoneses e das comarcas, os seus organismos autónomos e demais entes que deles dependan, nos termos que estableza a lei do Xustiza.

c) Os servizos públicos xestionados por persoas físicas ou xurídicas mediante concesión administrativa, sometidos a control ou tutela administrativa dalgunha institución da Comunidade Autónoma de Aragón.

3. O Xustiza renderá contas da súa xestión ante as Cortes de Aragón.

Artigo 60. *Lei do Xustiza de Aragón.*

Unha lei das Cortes de Aragón concretará o alcance das funcións do Xustiza, ben como o procedemento da súa elección por aquelas e o réxime de incompatibilidades.

TÍTULO III**A Administración pública en Aragón****Artigo 61. *Disposicións xerais.***

1. A Comunidade Autónoma de Aragón crea e organiza a súa Administración propia conforme a lei.
2. A Administración aragonesa ten a condición de Administración ordinaria no exercicio das súas competencias.

Artigo 62. *Principios de organización e funcionamento da Administración.*

1. A Administración da comunidade autónoma serve con obxectividade os intereses xerais con sometemento pleno á lei e ao dereito.
2. Na súa actuación, respectará os principios de boa fe e de confianza lexítima, e relacionarase co resto de administracións públicas españolas consonte o principio de lealdade institucional.
3. A Administración pública aragonesa axustará a súa actividade aos principios de eficacia, eficiencia, racionalización, transparencia e servizo efectivo aos cidadáns.
4. Os seus órganos e institucións poderanse establecer en diversas localidades de Aragón.
5. A Administración da comunidade autónoma gozará, no exercicio das súas competencias, das potestades e prerrogativas que o ordenamento xurídico lle reconece á Administración do Estado.

TÍTULO IV**A Xustiza****CAPÍTULO I****O Poder Xudicial en Aragón****Artigo 63. *O Tribunal Superior de Xustiza de Aragón.***

1. O Tribunal Superior de Xustiza de Aragón é o órgano xurisdiccional en que culmina a organización xudicial en Aragón, e ante o cal se esgotarán as sucesivas instancias procesuais cando non conclúsen ante outro órgano xurisdiccional radicado na comunidade autónoma, e sen prexuízo das competencias do Tribunal Supremo.
2. O Tribunal Superior de Xustiza de Aragón coñecerá, en todo caso, dos recursos de casación fundados na infracción do dereito propio de Aragón, ben como dos recursos extraordinarios de revisión que contemple a lei contra as resolucións firmes dos órganos xurisdiccionais radicados en Aragón. Tamén exercerá as demais funcións que en materia de dereito estatal estableza a Lei orgánica do Poder Xudicial.
3. O presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Aragón é o representante do Poder Xudicial en Aragón. É nomeado polo Rei, por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial.

4. O presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Aragón poderá presentar ante as Cortes de Aragón a memoria anual.

Artigo 64. *O Consello de Xustiza de Aragón.*

1. Créase o Consello de Xustiza de Aragón. Unha lei das Cortes de Aragón determinará a súa estrutura, composición, nomeamentos e funcións dentro do ámbito das competencias da comunidade autónoma en materia de Administración de xustiza nos termos que establece este estatuto e de acordo co disposto na Lei orgánica do Poder Xudicial.
2. O Consello de Xustiza de Aragón terá a consideración, natureza, competencias e facultades que lle atribúa a Lei orgánica do Poder Xudicial. Así mesmo, participará en todos os procesos de designación que lle atribúa esa lei.

Artigo 65. *Nomeamento de maxistrados, xuíces e secretarios.*

O nomeamento de maxistrados, xuíces e secretarios en Aragón realizarase na forma prevista pola Lei orgánica do Poder Xudicial, sendo mérito preferente o coñecemento acreditado do dereito propio de Aragón.

Artigo 66. *O Ministerio Fiscal en Aragón.*

1. O fiscal xefe do Tribunal Superior de Xustiza representa o Ministerio Fiscal en Aragón.
2. As funcións do fiscal xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Aragón son as que establece o Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal.
3. A memoria anual da Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza de Aragón será enviada polo fiscal xefe ao Consello de Xustiza de Aragón e poderaa presentar ante as Cortes de Aragón e o Goberno de Aragón.

CAPÍTULO II**A Administración de xustiza****Artigo 67. *Medios ao servizo da Administración de xustiza.***

1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Aragón a competencia sobre todo o persoal ao servizo da Administración de xustiza que non integre o Poder Xudicial, de acordo co disposto na Lei orgánica do Poder Xudicial.
2. A Comunidade Autónoma de Aragón ten competencia sobre os medios materiais da Administración de xustiza en Aragón.
3. Corresponde á comunidade autónoma a organización, a dotación e a xestión das oficinas xudiciais e dos órganos e servizos de apoio aos órganos xurisdiccionais. A comunidade autónoma poderá, de acordo co Estado, participar na xestión das contas de depósitos e consignacións xudiciais e dos seus rendementos.
4. Corresponde á comunidade autónoma a ordenación e organización dos servizos de xustiza gratuíta e orientación xurídica gratuíta.

Artigo 68. *Demarcación e planta xudiciais.*

1. Corresponde á comunidade autónoma determinar os límites das demarcacións territoriais dos órganos xurisdiccionais. A capitalidade das demarcacións xudiciais fixarase por lei das Cortes de Aragón.

2. O Goberno de Aragón participará, de acordo coa Lei orgánica do Poder Xudicial, na creación ou transformación do número de seccións ou xulgados no ámbito do seu territorio.

Artigo 69. *Cláusula subrogatoria.*

Ademais das competencias expresamente previstas por este estatuto, a Comunidade Autónoma de Aragón exercerá todas as funcións e facultades que a Lei orgánica do Poder Xudicial lle atribúa ao Goberno de España con relación á Administración de xustiza en Aragón.

TÍTULO V

Competencias da Comunidade Autónoma

Artigo 70. *Disposicións xerais.*

1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Aragón as competencias exclusivas, compartidas e executivas sobre as materias incluídas neste título, que exercerá respectando o disposto na Constitución e neste estatuto.

2. O exercicio das competencias autonómicas despreparará a súa eficacia no territorio de Aragón, excepto os supostos a que fan referencia expresamente este estatuto e outras disposicións legais do Estado que establecen a eficacia xurídica extraterritorial das disposicións e os actos da Comunidade Autónoma de Aragón.

3. A comunidade autónoma, nos casos en que o obxecto das súas competencias ten un alcance territorial superior ao do territorio de Aragón, exerce as súas competencias sobre a parte deste obxecto situada no seu territorio, sen prexuízo dos instrumentos de colaboración que se establezan con outros entes territoriais ou, subsidiariamente, da coordinación polo Estado das comunidades autónomas afectadas.

Artigo 71. *Competencias exclusivas.*

No ámbito das competencias exclusivas, a Comunidade Autónoma de Aragón exercerá a potestade lexislativa, a potestade regulamentaria, a función executiva e o establecemento de políticas propias, respectando o disposto nos artigos 140 e 149.1 da Constitución. Corresponde á comunidade autónoma a competencia exclusiva nas seguintes materias:

1.^a Creación, organización, réxime e funcionamento das súas institucións de autogoberno, consonte este estatuto.

2.^a Conservación, modificación e desenvolvemento do dereito foral aragonés, con respecto ao seu sistema de fontes.

3.^a Dereito procesual derivado das particularidades do dereito substantivo aragonés.

4.^a Linguas e modalidades lingüísticas propias de Aragón.

5.^a En materia de réxime local, a determinación das competencias dos municipios e demais entes locais nas materias de competencias da Comunidade Autónoma de Aragón; o réxime dos bens locais e as modalidades de prestación dos servizos públicos locais, ben como as relacións para a cooperación e colaboración entre os entes locais e entre estes e a Administración da Comunidade Autónoma de Aragón.

Así mesmo, inclúe a determinación dos órganos de goberno dos entes locais, creados pola comunidade autónoma e o seu réxime electoral.

6.^a A organización territorial propia da comunidade.

7.^a O procedemento administrativo derivado das especialidades da organización propia. Bens de dominio público e patrimoniais da súa titularidade.

8.^a Ordenación do territorio, conforme os principios de equilibrio territorial, demográfico, socioeconómico e ambiental.

9.^a Urbanismo, que comprende, en todo caso, o réxime urbanístico do solo, o seu planeamento e xestión e a protección da legalidade urbanística, ben como a regulación do réxime xurídico da propiedade do solo respectando as condicións básicas que o Estado establece para garantir a igualdade do exercicio do dereito á propiedade.

10.^a Vivenda, que, en todo caso, inclúe a planificación, a ordenación, a xestión, o fomento, a inspección e o control da vivenda de acordo coas necesidades sociais de equilibrio territorial e de sustentabilidade; as normas técnicas, a inspección e o control sobre a calidade da construción; as normas sobre a habitabilidade das vivendas, a innovación tecnolóxica aplicable ás vivendas e a normativa sobre conservación e mantemento das vivendas e a súa aplicación.

11.^a Planificación, execución e xestión das obras públicas que non teñan cualificación legal de interese xeral do Estado nin afecten outra comunidade autónoma, ben como a participación na planificación, na programación e na xestión das obras públicas de interese xeral competencia do Estado no territorio da comunidade autónoma nos termos que estableza a lei estatal.

12.^a Ferrocarrís, que, en todo caso, inclúe a coordinación, explotación, conservación e administración das infraestruturas da súa titularidade, ben como a participación na planificación e na xestión das infraestruturas de titularidade estatal no territorio da comunidade autónoma nos termos que estableza a lei estatal.

13.^a Estradas e outras vías cuxo itinerario transcorsa integramente polo territorio da comunidade autónoma que, en todo caso, inclúe a ordenación, planificación, réxime financeiro e conservación da rede viaria, ben como a participación na planificación e xestión das infraestruturas de titularidade estatal no territorio da comunidade autónoma nos termos que estableza a lei estatal.

14.^a Aeroportos, heliportos e outras infraestruturas de transporte no territorio de Aragón que non teñan a cualificación legal de interese xeral, ben como a participación na planificación, na programación e na xestión das infraestruturas que teñan tal cualificación nos termos que estableza a lei estatal.

15.^a Transporte terrestre de viaxeiros e mercadorías por estrada, por ferrocarril e por cable, ben como o transporte fluvial, que transcorran integramente polo territorio da comunidade autónoma, con independencia da titularidade da infraestrutura. Centros e operadores das actividades vinculadas á organización do transporte, loxística e distribución situadas en Aragón.

16.^a Servizo de meteoroloxía e de climatoloxía da comunidade autónoma.

17.^a Agricultura e gandaría, que comprenden, en todo caso: a concentración parcelaria; a regulación do sector agroalimentario e dos servizos vinculados, a sanidade animal e vexetal; a seguranza alimentaria e a loita contra as fraudes na produción e comercialización, o desenvolvemento, a transferencia e innovación tecnolóxica das explotacións agrarias e gandeiras e industrias agroalimentarias; o desenvolvemento integral do mundo rural.

18.^a Denominacións de orixe e outras mencións de calidade.

19.^a Tratamento especial das zonas de montaña que garanta a súa modernización e un desenvolvemento sustentable equilibrado.

20.^a Montes e vías pecuarias, que, polo menos, inclúe a regulación e o réxime de protección e intervención administrativa dos seus usos, ben como dos pastos e os servizos e aproveitamentos forestais.

21.^a Espazos naturais protexidos, que inclúe a regulación e declaración das figuras de protección, a delimitación, a planificación e a xestión deles e dos hábitats protexidos situados en Aragón.

22.^a Normas adicionais da lexislación básica sobre protección do ambiente e da paisaxe, que inclúe a planificación da prevención e eliminación das distintas fontes de contaminación, ben como o desenvolvemento de políticas que contribúan a mitigar o cambio climático.

23.^a Caza, pesca fluvial e lacustre e acuicultura, ben como a protección dos ecosistemas en que se desenvolvan estas actividades, promovendo reversiones económicas na mellora das condicións ambientais do medio natural aragonés.

24.^a Promoción da competencia. O establecemento e regulación do Tribunal Aragonés de Defensa da Competencia, como órgano independente a que corresponde en exclusiva tratar das actividades económicas que se leven a cabo principalmente en Aragón e que alteren ou poidan alterar a competencia.

25.^a Comercio, que comprende a regulación da actividade comercial, incluídos os horarios e equipamentos comerciais, respectando a unidade de mercado, ben como a regulación administrativa das diferentis modalidades de venda, con especial atención á promoción, desenvolvemento e modernización do sector. Feiras e mercados interiores.

26.^a Consumo, que, en todo caso, comprende a regulación da protección e defensa dos consumidores e usuarios; o fomento das asociacións; a formación e educación para o consumo responsable, ben como a regulación dos órganos e procedementos de mediación.

27.^a Consultas populares, que, en todo caso, comprende o establecemento do réxime xurídico, as modalidades, o procedemento, a realización e a convocatoria pola comunidade autónoma ou polos entes locais no ámbito das súas competencias de enquisas, audiencias públicas, foros de participación e calquera outro instrumento de consulta popular, con excepción da regulación do referendo e do previsto no artigo 149.1.32.^a da Constitución.

28.^a Publicidade, que, en todo caso, inclúe a regulación da actividade publicitaria conforme os principios de obxectividade e veracidade.

29.^a Cámaras de comercio e industria, agrarias e outras corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais.

30.^a Colexios profesionais e exercicio de profesións tituladas, respectando as normas xerais sobre titulacións académicas e profesionais e o disposto nos artigos 36 e 139 da Constitución.

31.^a Cooperativas e entidades asimilables, con domicilio en Aragón, que inclúe a regulación da súa organización, funcionamento e réxime económico, ben como o fomento do movemento cooperativo e doutras modalidades de economía social.

32.^a Planificación da actividade económica e fomento do desenvolvemento económico da comunidade autónoma, de acordo cos principios de equilibrio territorial e de sustentabilidade e, en especial, a creación e xestión dun sector público propio da comuni-

dade. Participación, se é o caso, na xestión do sector público estatal.

33.^a Caixas de aforros con domicilio en Aragón e institucións de crédito cooperativo público e territorial, no marco da ordenación xeral da economía.

34.^a Acción social, que comprende a ordenación, organización e desenvolvemento dun sistema público de servizos sociais que atenda á protección das distintas modalidades de familia, á infancia, ás persoas maiores, ás persoas con discapacidade e a outros colectivos necesitados de protección especial.

35.^a Voluntariado social, que comprende a regulación, promoción e fomento da participación solidaria cidadá en actuacións organizadas de voluntariado por medio de entidades públicas ou privadas estables e democráticas, sen ánimo de lucro, ben como a ordenación das relacións entre as administracións públicas e esas entidades.

36.^a Cooperación para o desenvolvemento en expresión da solidariedade da sociedade aragonesa cos países e pobos máis desfavorecidos.

37.^a Políticas de igualdade social, que comprenden o establecemento de medidas de discriminación positiva, prevención e protección social ante todo tipo de violencia, e, especialmente, a de xénero.

38.^a Mocidade, con especial atención á súa participación libre e eficaz no desenvolvemento político, social, económico e cultural.

39.^a Menores, que inclúe a regulación do réxime de protección e tutela dos menores desamparados ou en situación de risco.

40.^a Asociacións e fundacións de carácter docente, cultural, artístico, benéfico, asistencial, deportivo e similares que desenvolvan principalmente as súas funcións en Aragón.

41.^a Investigación, desenvolvemento e innovación científica e tecnolóxica, que comprende, en todo caso, a planificación, programación e coordinación da actividade investigadora da universidade e dos demais centros públicos e privados, a transferencia de coñecementos e o fomento e desenvolvemento das tecnoloxías para a sociedade da información.

42.^a Biotecnoloxía, biomedicina e xenética.

43.^a Cultura, con especial atención ás manifestacións peculiares de Aragón.

44.^a Museos, arquivos, bibliotecas e outras coleccións de natureza análoga, conservatorios de música e danza e centros dramáticos e de belas artes de interese para a comunidade autónoma e que non sexan de titularidade estatal.

45.^a Patrimonio cultural, histórico, artístico, monumental, arqueolóxico, arquitectónico, científico e calquera outro de interese para a comunidade autónoma, en especial, as políticas necesarias encamiñadas a recuperar o patrimonio aragonés que se encontre fóra do territorio de Aragón.

46.^a Cinematografía, que inclúe, en todo caso, as medidas de protección da industria cinematográfica e a regulación e inspección das salas de exhibición cinematográfica.

47.^a Artesanía, que comprende a regulación e o establecemento de medidas para o fomento e desenvolvemento das empresas artesanais, a promoción dos seus produtos e a creación de canles de comercialización.

48.^a Industria, salvo as competencias do Estado por razóns de seguranza, sanitarias ou de interese da defensa.

49.^a Estatística para os fins da comunidade autónoma e, en especial, a creación dun sistema estatístico oficial propio da comunidade autónoma.

50.^a Xogo, apostas e casinos, incluídas as modalidades por medios informáticos e telemáticos, cando a actividade se desenvolve exclusivamente en Aragón.

51.^a Turismo, que comprende a ordenación e promoción do sector, o seu fomento, a regulación e a clasificación das empresas e establecementos turísticos, ben como a coordinación cos órganos de administración de Paradores de Turismo de España nos termos que establece a lexislación estatal.

52.^a Deporte, en especial, a súa promoción, regulación da formación deportiva, a planificación territorial equilibrada de equipamentos deportivos, o fomento da tecnificación e do alto rendemento deportivo, ben como a prevención e control da violencia no deporte.

53.^a Tempo libre, que inclúe, en todo caso, o fomento e a regulación das actividades que se leven a cabo en Aragón e o réxime xurídico das entidades que teñan por finalidade o exercicio de actividades de tempo libre.

54.^a Espectáculos e actividades recreativas, que inclúe, en todo caso, a ordenación xeral do sector, o réxime de intervención administrativa e a seguraza e o control de todo tipo de espectáculos en espazos e establecementos públicos.

55.^a Sanidade e saúde pública, en especial, a organización, o funcionamento, a avaliación, a inspección e o control de centros, servizos e establecementos sanitarios. A comunidade autónoma participará, de acordo co Estado, na planificación e a coordinación estatal no relativo a sanidade e saúde pública

56.^a Ordenación farmacéutica.

57.^a Protección civil, que inclúe, en todo caso, a regulación, a planificación, a coordinación e a execución de medidas relativas a emerxencias e seguraza civil ante incendios, catástrofes naturais, accidentes e outras situacións de necesidade.

58.^a Seguraza privada, que comprende o establecemento dos requisitos que deben reunir as persoas físicas e xurídicas que adopten medidas de seguraza; a autorización, inspección e sanción das empresas de seguraza que teñan o seu domicilio ou ámbito de actuación na comunidade autónoma; a formación do persoal que realiza funcións de seguraza e investigación privada, ben como a coordinación dos servizos de seguraza e investigación privadas coa policía autonómica e as policía locais de Aragón.

59.^a Administración de xustiza no relativo a medios persoais e materiais.

60.^a Calquera outra que lle correspondan de acordo coa Constitución, este estatuto ou o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 72. *Augas.*

1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Aragón a competencia exclusiva en materia de augas que discorran integramente polo seu territorio, comprendendo esta competencia:

a) A ordenación, a planificación e a xestión das augas, superficiais e subterráneas, dos usos e dos aproveitamentos hidráulicos, incluída a súa concesión, ben como das obras hidráulicas que non estean cualificadas de interese xeral.

b) A planificación e o establecemento de medidas e instrumentos específicos de xestión e protección dos recursos hídricos e dos ecosistemas acuáticos e terrestres vinculados á auga.

c) As medidas extraordinarias en caso de necesidade para garantir a subministración de auga.

d) A organización da administración hidráulica de Aragón, incluída a participación dos usuarios.

e) A regulación e a execución das actuacións relativas ás obras de regadío.

Tamén corresponde á comunidade autónoma a competencia exclusiva en materia de augas minerais e termais, ben como de proxectos, construción e explotación dos aproveitamentos hidráulicos, canles e regadíos de interese da comunidade autónoma.

2. A Comunidade Autónoma de Aragón, no marco do disposto no artigo 149.1.22.a da Constitución española e as leis que o desenvolven, participará e colaborará na planificación hidrolóxica e nos órganos de xestión estatal dos recursos hídricos e dos aproveitamentos hidráulicos que pertencen a bacías hidrográficas intercomunitarias que afecten Aragón. Así mesmo, correspóndelle a adopción de medidas adicionais de protección e saneamento dos recursos hídricos e dos ecosistemas acuáticos; a execución e a explotación das obras de titularidade estatal, se se establece mediante convenio, e as facultades de policía do dominio público hidráulico atribuídas pola lexislación estatal, participando na fixación do caudal ecolóxico.

3. Neste sentido, e para a defensa dos dereitos relacionados coa auga establecidos no artigo 19, a comunidade autónoma emitirá un informe preceptivo para calquera proposta de obra hidráulica ou de transferencia de augas que afecte o seu territorio. O Goberno de España deberá propiciar de forma efectiva o acordo entre todas as comunidades autónomas que poidan resultar afectadas.

Artigo 73. *Ensino.*

Corresponde á comunidade autónoma a competencia compartida en ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, que, en todo caso, inclúe a ordenación do sector do ensino e da actividade docente e educativa, a súa programación, inspección e avaliación; o establecemento de criterios de admisión aos centros sostidos con fondos públicos para asegurar unha rede educativa equilibrada e de carácter compensatorio; a promoción e apoio ao estudo; a formación e o perfeccionamento do persoal docente; a garantía da calidade do sistema educativo, e a ordenación, coordinación e descentralización do sistema universitario de Aragón con respecto ao principio de autonomía universitaria.

Artigo 74. *Medios de comunicación social.*

1. Corresponde á comunidade autónoma a competencia compartida en medios de comunicación social e servizos de contido audiovisual.

2. A comunidade autónoma poderá regular, crear e manter a súa propia televisión, radio e prensa e, en xeral, calquera medio de comunicación social para o cumprimento dos seus fins, respectando a autonomía local.

Artigo 75. *Competencias compartidas.*

No ámbito das competencias compartidas, a Comunidade Autónoma de Aragón exercerá o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica que establece o Estado en normas con rango de lei, excepto nos casos que se determinen de acordo coa Constitución, desenvolvendo políticas propias. Corresponde á comunidade autónoma a competencia compartida nas seguintes materias:

1.^a Seguridade Social, coa excepción das normas que configuran o seu réxime económico.

2.^a Réxime mineiro, en especial, a regulación e o réxime de intervención administrativa das minas e recursos mineiros, ben como a restauración dos espazos afectados por actividades extractivas.

3.^a Protección do ambiente, que, en todo caso, inclúe a regulación do sistema de intervención administrativa dos plans, programas, proxectos, instalacións e actividades susceptibles de afectaren o ambiente; a regulación dos recursos naturais, a flora e fauna e a biodiversidade, a prevención e corrección da xeración dos residuos, da contaminación atmosférica, do solo e do subsolo, ben como o abastecemento, saneamento e depuración das augas.

4.^a Enerxía, que comprende, en todo caso: a regulación das actividades de produción, almacenamento, distribución e transporte de calquera enerxía, incluídos os recursos e aproveitamentos hidroeléctricos, de gas natural e de gases licuados; o outorgamento das autorizacións das instalacións correspondentes existentes, cando se circunscriban ao territorio da comunidade e o seu aproveitamento non afecte outra comunidade autónoma; a calidade da subministración e a eficiencia enerxética, ben como a participación nos organismos estatais reguladores do sector enerxético e na planificación estatal que afecte o territorio da comunidade autónoma, e nos procedementos de autorización de instalacións de produción e transporte de enerxía que afecten o territorio de Aragón ou cando a enerxía sexa obxecto de aproveitamento fóra deste territorio.

5.^a Protección de datos de carácter persoal, que, en todo caso, inclúe a regulación, inscrición e o tratamento deles, o control dos ficheiros creados ou xestionados polas institucións públicas de Aragón e, en especial, a creación dunha Axencia de protección de datos de Aragón.

6.^a Políticas de integración de inmigrantes, en especial, o establecemento das medidas necesarias para a súa adecuada integración social, laboral e económica, ben como a participación e colaboración co Estado, mediante os procedementos que se establezan, nas políticas de inmigración e, en particular, a participación preventiva previa na determinación, se é o caso, do contingente de traballadores estranxeiros.

7.^a Instalacións radioactivas de segunda e terceira categoría.

8.^a Mercados de valores e centros de contratación situados no territorio de Aragón, que, en todo caso, inclúe a súa regulación, establecemento e solvencia, de acordo coa lexislación mercantil.

9.^a Ordenación do crédito, banca, seguros, mutualidades de previsión social, entidades xestoras de plans e fondos de pensións e outras mutualidades non integradas no sistema de Seguridade Social.

10.^a Réxime dos recursos fundados no dereito foral aragonés contra a cualificación negativa de documentos, ou cláusulas concretas deles, que deban ter acceso a un rexistro público de Aragón.

11.^a O desenvolvemento das bases do Estado previstas no artigo 149.1.18.^a da Constitución para as administracións públicas aragonesas, incluídas as entidades locais.

12.^a Réxime xurídico, procedemento, contratación e responsabilidade da Administración pública da comunidade autónoma.

13.^a Réxime estatutario dos funcionarios da Comunidade Autónoma de Aragón e da súa Administración local e as especialidades do persoal laboral derivadas da organización administrativa e a formación deste persoal.

Artigo 76. *Policía autonómica.*

1. A comunidade autónoma poderá crear unha policía autonómica no marco deste estatuto e da lei orgánica correspondente.

2. A comunidade autónoma determinará as funcións da policía autonómica de Aragón na súa lei de creación no marco da lexislación do Estado.

3. Corresponde á comunidade autónoma a coordinación da actuación das policías locais aragonesas.

4. Crearase, se é o caso, unha xunta de seguranza que, con representación paritaria do Estado e a comunidade autónoma, coordinará as actuacións da policía autonómica e dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado.

Artigo 77. *Competencias executivas.*

No ámbito das competencias executivas e no que atinxe á aplicación da lexislación estatal, a Comunidade Autónoma de Aragón poderá ditar regulamentos para a regulación da súa propia competencia funcional e a organización dos servizos necesarios para isto, e en xeral poderá exercer todas aquelas funcións e actividades que o ordenamento xurídico lle atribúe á Administración pública. Corresponde á comunidade autónoma a competencia executiva nas seguintes materias:

1.^a Xestión da asistencia sanitaria da Seguridade Social.

2.^a Traballo e relacións laborais, incluíndo as políticas activas de ocupación, a intermediación laboral, ben como a prevención de riscos laborais e a seguranza e saúde no traballo.

Tamén lle corresponde a competencia executiva sobre a función pública inspectora propia en todo o previsto no parágrafo anterior. Para tal efecto, os funcionarios dos corpos que realicen esa función dependerán orgánica e funcionalmente da comunidade autónoma. A través dos mecanismos de cooperación previstos neste estatuto establecerán as fórmulas de garantía do exercicio eficaz da función inspectora no ámbito social, exercéndose as competencias do Estado e da comunidade autónoma de forma coordinada, conforme os plans de actuación que se determinen a través dos indicados mecanismos.

3.^a Propiedade intelectual e industrial.

4.^a Control metrolóxico e contraste de metais.

5.^a Feiras internacionais que se celebren en Aragón.

6.^a Aeroportos, heliportos e outras infraestruturas de transporte aéreo, con cualificación de interese xeral, cuxa xestión directa non reserve para si a Administración xeral do Estado.

7.^a Produtos farmacéuticos.

8.^a Xestión do réxime económico da Seguridade Social e os servizos que integran o sistema, e no marco do respecto ao principio de unidade de caixa.

9.^a Museos, arquivos, bibliotecas e outras coleccións de natureza análoga de titularidade estatal cuxa xestión non reserve para si a Administración xeral do Estado.

10.^a Colaboración co Estado na xestión do catastro.

11.^a Sistema penitenciario.

12.^a Xestión dos parques nacionais en Aragón.

13.^a Realización de obras de interese xeral pola Administración autonómica, en virtude de mecanismos de colaboración co Estado, nos cales se fixen o financiamento e os prazos de execución.

14.^a Rexistro civil, que inclúe a provisión de medios persoais e materiais.

15.^a Seguraza cidadá e seguraza privada cando así o estableza a lexislación do Estado.

16.^a Expropiación forzosa, que inclúe, en todo caso, a determinación dos supostos, as causas e as condicións en que as administracións aragonesas poden exercer a potestade expropiadora; o establecemento de criterios de valoración dos bens expropiados segundo a natureza e a función que teñan que cumprir, de acordo coa lexislación estatal; e a creación e regulación dun órgano propio para a determinación do prezo xusto, ben como a fixación do seu procedemento.

17.^a Defensa da competencia no ámbito autonómico, nos termos establecidos na lexislación estatal e europea.

Artigo 78. *Notarios e rexistradores.*

1. Os notarios e rexistradores da propiedade e mercantís serán nomeados pola comunidade autónoma, de conformidade coas leis do Estado, sendo mérito preferente o coñecemento do dereito propio de Aragón e especificamente o seu dereito foral.

2. A comunidade autónoma participará na fixación das demarcacións correspondentes ás notarías e aos rexistros da propiedade e mercantís en Aragón, de acordo co previsto nas leis xerais do Estado.

3. Corresponde aos órganos xurisdiccionais da comunidade autónoma o coñecemento dos recursos contra a cualificación de documentos ou cláusulas concretas deles, que deban ter acceso a un rexistro público de Aragón e estean fundados no dereito foral aragonés.

Artigo 79. *Actividade de fomento.*

1. Nas materias da súa competencia, corresponde á comunidade autónoma o exercicio da actividade de fomento, para o cal poderá outorgar subvencións con cargo a fondos propios, regulando ou, se é o caso, desenvolvendo os obxectivos e requisitos de outorgamento e xestionando a súa tramitación e concesión.

2. No caso das competencias exclusivas, a comunidade autónoma especificará os obxectivos a que se destinen as subvencións territorializables da Administración central e as da Unión Europea, ben como a regulación das condicións de outorgamento e a xestión da súa tramitación e concesión. Nas competencias compartidas, a comunidade autónoma precisará normativamente os obxectivos das subvencións territorializables da Administración central e da Unión Europea, completando as condicións de outorgamento, e asumindo toda a xestión, incluídas a tramitación e a concesión. Nas competencias executivas, corresponderá á comunidade autónoma a xestión das subvencións territorializables, que inclúe a súa tramitación e concesión.

3. A comunidade autónoma participa, nos termos que fixe o Estado, na determinación do carácter non territorializable das subvencións estatais e comunitarias e na súa xestión e tramitación.

Artigo 80. *Cláusula de feche.*

1. A comunidade autónoma asume as competencias expresadas neste estatuto. En todo caso, as especificacións dos distintos títulos de competencia non son excluíntes doutros posibles contidos que se deban considerar incluídos no título competencial respectivo, conforme a Constitución e este estatuto.

2. Nas materias de competencia exclusiva da comunidade autónoma, o dereito propio de Aragón será aplicable no seu territorio con preferencia a calquera outro, nos termos previstos neste estatuto.

TÍTULO VI

Organización territorial e goberno local

Artigo 81. *Organización territorial de Aragón.*

1. A organización territorial local de Aragón estrutúrase en municipios, comarcas e provincias.

2. Por lei das Cortes de Aragón poderase regular a creación, organización e competencias das áreas metropolitanas. Igualmente, regulará as entidades de ámbito territorial inferior ao municipio.

Artigo 82. *O municipio.*

1. Os municipios son as entidades territoriais básicas de Aragón, dotadas de personalidade xurídica e autonomía para a xestión dos seus intereses respectivos, e medio esencial de participación da comunidade veciñal nos asuntos públicos.

2. O goberno e a administración municipais corresponde ao concello, formado polo alcalde e os concelleiros. Estableceranse por lei da comunidade autónoma os requisitos para a aplicación do réxime de concello aberto.

3. Este estatuto garántelles aos municipios a autonomía para o exercicio das súas competencias propias e a defensa dos intereses da colectividade que representan.

Artigo 83. *A comarca.*

1. As comarcas son entidades territoriais, constituídas pola agrupación de municipios limítrofes, vinculados por características e intereses comúns, fundamentais para a vertebración territorial aragonesa.

2. As comarcas teñen ao seu cargo a prestación de funcións e servizos e a xestión de actividades de ámbito supramunicipal, e representan os intereses da poboación e territorio comarcais en defensa dunha maior solidariedade e equilibrio territorial.

3. A creación, modificación e supresión das comarcas, ben como a determinación das súas competencias, organización e réxime xurídico, regúlase por lei das Cortes de Aragón.

Artigo 84. *A provincia.*

As provincias, como entidades locais supramunicipais, con personalidade xurídica propia, exercerán funcións de cooperación, asistencia e prestación de servizos a municipios e comarcas, atendendo, en todo caso, a criterios de solidariedade e equilibrio territorial.

Artigo 85. *Principios e relacións entre a comunidade autónoma e os entes locais.*

1. A actividade das entidades territoriais aragonesas desenvolverase baixo os principios de subsidiariedade, proporcionalidade e diferenciación.

2. A Administración da comunidade autónoma e as entidades locais axustarán as súas relacións aos criterios de información mutua, colaboración, coordinación e respecto aos ámbitos competenciais respectivos.

3. A comunidade autónoma poderá, mediante lei das Cortes de Aragón, aprobar a distribución de responsabilidades administrativas entre os distintos niveis de organización territorial, de acordo coa lexislación básica estatal, respectando a autonomía constitucionalmente garantida e dispoñendo os medios de financiamento suficientes para que se poida levar a cabo o seu exercicio.

Artigo 86. O Consello local de Aragón.

O Consello local de Aragón é o órgano de colaboración e coordinación entre o Goberno de Aragón e as asociacións representativas das entidades locais aragonesas. O Consello debe ser oído nas iniciativas lexislativas e na tramitación de plans e normas regulamentarias que afecten de forma específica os gobernos locais.

Artigo 87. Lei de capitalidade.

Zaragoza, como capital de Aragón, disporá dun réxime especial establecido por lei das Cortes de Aragón.

TÍTULO VII**Cooperación institucional e acción exterior****CAPÍTULO I****Relacións co Estado****Artigo 88. Colaboración co Estado.**

1. As relacións entre a Comunidade Autónoma de Aragón e o Estado basearanse nos principios de lealdade institucional, coordinación e axuda mutua.

2. A Comunidade Autónoma de Aragón e o Estado, no ámbito das súas respectivas competencias, poden subscribir convenios de colaboración e utilizar outros medios adecuados para cumprir obxectivos de interese común.

3. No caso de obras públicas cualificadas de interese xeral ou que afecten outra comunidade autónoma, poderanse subscribir convenios de colaboración para a súa xestión.

4. O réxime xurídico dos convenios da Comunidade Autónoma de Aragón co Estado, no seu ámbito propio de actuación, será establecido por lei das Cortes de Aragón.

5. A Comunidade Autónoma de Aragón participará no establecemento dos servizos ferroviarios que garantan a comunicación con outras comunidades autónomas ou o tránsito internacional, de acordo coa normativa estatal.

6. Aragón colaborará tamén co Estado mediante órganos e procedementos multilaterais nos ámbitos e asuntos de interese común.

Artigo 89. Participación en institucións, procedementos e organismos estatais.

1. A Comunidade Autónoma de Aragón participará nos organismos e procedementos de toma de decisións do Estado que atinxan ás súas competencias de acordo co establecido neste estatuto e nas leis do Estado.

2. A Comunidade Autónoma de Aragón participará na elaboración das decisións estatais que afecten a ordeación xeral da actividade económica no marco do establecido no artigo 131.2 da Constitución.

3. A comunidade autónoma participará e colaborará co Estado, mediante os procedementos que este estableza, na programación, localización, execución e xestión das infraestruturas estatais situadas no territorio aragonés.

4. A comunidade autónoma participará nos procesos de designación dos membros das institucións, organismos e empresas públicas do Estado co alcance e nos termos establecidos pola lexislación estatal.

Artigo 90. A Comisión Bilateral de Cooperación Aragón-Estado.

1. A Comisión Bilateral de Cooperación configúrase como o instrumento principal de relación entre a comunidade autónoma e o Estado, sen prexuízo das funcións atribuídas a outros órganos concretos de cooperación bilateral ou multilateral.

2. Para tales efectos, a Comisión Bilateral de Cooperación desempeña as seguintes funcións:

a) Impulsar a realización de actuacións e plans conxuntos para o desenvolvemento de políticas comúns e, na súa virtude, subscribir os oportunos convenios de colaboración.

b) Deliberar e facer propostas, se é o caso, sobre a elaboración de proxectos lexislativos do Estado que afecten especialmente as competencias e intereses de Aragón.

c) Diseñar mecanismos de colaboración mutua nos distintos ámbitos sectoriais onde conflúa o interese de ambas as administracións.

d) Servir de instrumento para previr conflitos entre ambas as administracións, ben como intentar dirimir controversias por vía extraprocesual.

e) Calquera outra función que coadxuve aos fins de cooperación entre ambas as administracións que lle son propios.

3. A Comisión Bilateral de Cooperación adopta as súas normas de organización e funcionamento por acordo de ambas as partes. En todo caso, reúnese en sesión plenaria e cando o solicite unha das dúas partes, e a súa presidencia é exercida de forma alternativa en quendas dun ano.

CAPÍTULO II**Relacións con outras comunidades autónomas****Artigo 91. Colaboración con outras comunidades autónomas.**

1. A Comunidade Autónoma de Aragón pode establecer con outras comunidades autónomas, especialmente coas que ten vínculos históricos e xeográficos, relacións de colaboración para a fixación de políticas comúns, para o exercicio eficaz das súas competencias e para o tratamento de asuntos de interese común.

2. Para tal efecto, a Comunidade Autónoma de Aragón pode subscribir con outras comunidades autónomas convenios de colaboración para a xestión e prestación de servizos propios da súa competencia. O Goberno debe informar as Cortes de Aragón da súa subscripción no prazo dun mes contado desde o día da sinatura. Igualmente serán informadas as Cortes Xerais para os efectos correspondentes.

3. O réxime xurídico dos convenios e acordos asinados con outras comunidades autónomas pola Comunidade Autónoma de Aragón, no seu ámbito propio de actuación, será establecido por lei das Cortes de Aragón.

CAPÍTULO III**Relacións coa Unión Europea****Artigo 92. Relacións coa Unión Europea.**

1. A Comunidade Autónoma de Aragón participará, nos termos que establece a lexislación estatal, nos asun-

tos relacionados coa Unión Europea que afecten as competencias ou intereses de Aragón.

2. A Comunidade Autónoma de Aragón establecerá unha delegación para a presentación, defensa e promoción dos seus intereses ante as institucións e órganos da Unión Europea.

Artigo 93. Participación na formación e aplicación do dereito da Unión.

1. A Comunidade Autónoma de Aragón participa na formación das posicións do Estado ante a Unión Europea, especialmente ante o Consello de Ministros, nos asuntos que incidan nas competencias ou intereses de Aragón, nos termos que establecen este estatuto e a lexislación estatal sobre a materia.

2. A Comunidade Autónoma de Aragón aplica e desenvolve o dereito da Unión Europea no ámbito das súas competencias. A existencia dunha regulación europea non modifica a distribución interna de competencias que establecen a Constitución e este estatuto.

3. As Cortes de Aragón participarán nos procedementos de control dos principios de subsidiariedade e proporcionalidade que establece a Unión Europea en relación coas propostas lexislativas europeas cando atinxan competencias da comunidade autónoma.

Artigo 94. Participación en institucións e organismos europeos.

Os representantes da Comunidade Autónoma de Aragón participarán de maneira directa ou mediante procedementos multilaterais nas delegacións españolas ante as institucións e organismos da Unión Europea que traten asuntos da súa competencia, singularmente ante o Consello de Ministros e nos procesos de consulta e preparación do Consello e da Comisión, de acordo coa lexislación estatal.

Artigo 95. Accións ante o Tribunal de Xustiza.

1. A comunidade autónoma ten acceso ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea nos termos que establece a normativa europea.

2. O Goberno de Aragón pode instar do Goberno de España a interposición de accións ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea en defensa dos intereses e competencias da comunidade autónoma.

CAPÍTULO IV

Acción exterior da Comunidade Autónoma

Artigo 96. Acción exterior.

1. A Comunidade Autónoma de Aragón impulsará a súa proxección no exterior e promoverá os seus intereses nese ámbito. Para isto, poderá establecer oficinas no exterior, sempre que non incidan no previsto no artigo 149.1.3.^a e 10.^a da Constitución.

2. Para a promoción dos intereses de Aragón, a Comunidade Autónoma de Aragón poderá subscribir acordos de colaboración no ámbito das súas competencias.

Artigo 97. Tratados e convenios internacionais.

1. A Comunidade Autónoma de Aragón poderá solicitar do Goberno do Estado a celebración de tratados ou convenios internacionais en materias de interese para Aragón e, en especial, nas derivadas da súa situación

xeográfica como territorio limítrofe con outras rexións europeas.

2. A Comunidade Autónoma de Aragón, consonte a lexislación estatal, será informada previamente da elaboración de tratados e convenios internacionais no que atinxan materias das súas competencias e específico interese, se for o caso. Nestes supostos, poderá solicitar ao Goberno que nas delegacións negociadoras se integren representantes da comunidade autónoma.

3. A comunidade autónoma adoptará as medidas necesarias para a execución, dentro do seu territorio, dos tratados internacionais e actos normativos das organizacións internacionais no que atinxan ás materias propias das competencias da comunidade autónoma.

Artigo 98. Ámbitos de cooperación exterior.

1. A Comunidade Autónoma de Aragón, como territorio limítrofe, promoverá a cooperación coas rexións europeas con que comparte, polo dito carácter, intereses económicos, sociais, ambientais e culturais.

2. No ámbito da cooperación interrexional, Aragón impulsará a cooperación con outros territorios con que comparta intereses comúns.

TÍTULO VIII

Economía e Facenda

CAPÍTULO I

Economía da Comunidade Autónoma

Artigo 99. Marco de actuación.

1. Toda a riqueza, nas súas distintas formas e sexa cal for a súa titularidade, está subordinada ao interese xeral.

2. A comunidade autónoma exercerá as competencias de natureza económica que se lle recoñecen neste estatuto de acordo coa ordenación da actividade económica xeral, os obxectivos de política social e económica do Estado e dentro do pleno respecto á liberdade de empresa e competencia no marco da economía de mercado.

3. As institucións aragonesas velarán polo equilibrio territorial e o desenvolvemento sustentable de Aragón e pola realización interna do principio de solidariedade, e orientarán a súa actuación económica á consecución do pleno emprego e á mellora da calidade de vida dos aragoneses.

Artigo 100. Planificación e fomento da actividade económica.

1. A comunidade autónoma, mediante lei, poderá aprobar plans económicos xerais no territorio aragonés co fin de atender ás necesidades colectivas, equilibrar e harmonizar o desenvolvemento territorial autonómico e sectorial, estimular o crecemento da renda e da riqueza e a súa máis xusta distribución, potenciar os recursos do seu territorio e o seu aproveitamento, e garantir un desenvolvemento sustentable.

2. O Goberno de Aragón poderá constituír empresas públicas para a execución das funcións recoñecidas neste estatuto.

Artigo 101. *Cooperación coa actividade económica doutras institucións.*

1. O Goberno de Aragón intervirá na elaboración dos plans e programas económicos do Estado que atinxan Aragón, nos termos que sinala o artigo 131.2 da Constitución.

2. O Goberno de Aragón poderá constituír ou participar en institucións que fomenten o pleno emprego e o desenvolvemento económico e social no territorio aragonés. Así mesmo, poderá instar do Estado a creación de empresas mixtas que estimulen a actividade económica aragonesa.

3. De acordo co que establezan as leis do Estado, o Goberno de Aragón designará os seus propios representantes nos organismos económicos, nas institucións financeiras e nas empresas públicas do Estado cuxas competencias se estendan ao territorio aragonés e que, pola súa propia natureza, non sexan obxecto de transferencia á comunidade autónoma.

4. En calquera caso, o Goberno de Aragón poderá elaborar e remitir ao Estado calquera informe, estudo ou proposta relativas á xestión das entidades citadas no número anterior ou á súa incidencia na economía aragonesa.

Artigo 102. *Consello Económico e Social de Aragón.*

1. O Consello Económico e Social de Aragón é o órgano consultivo en que se materializa a colaboración e intervención de todos os axentes sociais na actividade económica e social da comunidade autónoma.

2. Unha lei de Cortes de Aragón regulará a súa organización, composición e funcións.

CAPÍTULO II

Facenda da Comunidade Autónoma

Artigo 103. *Principios.*

1. A Comunidade Autónoma de Aragón, en virtude da autonomía financeira que a Constitución española lle reconece e garante, dispón da súa propia Facenda para o financiamento, execución e desenvolvemento das súas competencias, de conformidade cos principios de suficiencia de recursos, equidade, solidariedade, coordinación, equilibrio financeiro e lealdade institucional, e no marco do establecido na Constitución, neste estatuto de autonomía e na Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas.

2. A Comunidade Autónoma de Aragón gozará do mesmo tratamento fiscal que a lei lle outorgue ao Estado. Así mesmo, gozará das prerrogativas recoñecidas nas leis para a xestión dos seus dereitos económicos e o cumprimento das súas obrigas.

Artigo 104. *Recursos da Comunidade Autónoma.*

A Facenda da Comunidade Autónoma estará constituída polos seguintes recursos:

1. O rendemento dos tributos propios que establece a comunidade autónoma.

2. As recargas que se puideren establecer sobre os tributos do Estado.

3. O rendemento dos tributos cedidos, total ou parcialmente, polo Estado.

4. Outros recursos financeiros derivados da aplicación do sistema de financiamento das comunidades autónomas vixente en cada momento.

5. A participación nos fondos de compensación interterritorial, de acordo coa súa normativa reguladora.

6. As asignacións orzamentarias a que se refire o artigo 158.1 da Constitución, de acordo coa súa normativa reguladora.

7. Outras asignacións con cargo aos orzamentos xerais do Estado, da Unión Europea ou doutros entes nacionais ou internacionais.

8. Os ingresos derivados da aplicación do artigo 107.

9. Os ingresos derivados da aplicación do previsto no artigo 108.

10. O produto da emisión de débeda e de operacións de crédito.

11. O rendemento do patrimonio da Comunidade.

12. O rendemento das contraprestacións pecuniaras que se satisfagan á comunidade autónoma pola prestación de servizos ou a realización de actividades efectuadas tanto en réxime de dereito público como de dereito privado.

13. Ingresos de dereito privado, legados, herdanzas ou doazóns.

14. Calquera outro ingreso de dereito público ou privado que se poida obter pola Facenda da comunidade autónoma.

Artigo 105. *Potestade tributaria da Comunidade Autónoma de Aragón.*

1. A Comunidade Autónoma de Aragón ten capacidade normativa para establecer os seus propios tributos e as recargas sobre tributos do Estado.

2. A Comunidade Autónoma de Aragón, de acordo coa lei de cesión, en relación cos tributos cedidos totalmente, en todo caso, terá competencia normativa en relación coa fixación do tipo impositivo, as exencións, as reducións sobre a base imponible e as deducións sobre a cota.

3. En caso de tributos cedidos parcialmente, a Comunidade Autónoma de Aragón terá a capacidade normativa que fixe o Estado na lei orgánica prevista no artigo 157.3 da Constitución ou na respectiva lei de cesión de tributos.

4. A potestade tributaria da Comunidade Autónoma de Aragón responderá aos principios de xeneralidade, progresividade e equitativa distribución da carga fiscal entre os cidadáns.

5. O exercicio das capacidades normativas a que se refiren os números 2 e 3 realizarase no marco das competencias do Estado e da Unión Europea.

Artigo 106. *Aplicación e revisión en vía administrativa dos tributos na Comunidade Autónoma de Aragón.*

1. Corresponde á comunidade autónoma a xestión, liquidación, recadación, inspección e revisión dos seus propios tributos e, por delegación do Estado, as relativas aos tributos cedidos totalmente polo Estado a Aragón, de conformidade coa lei.

A cesión de tributos comportará, se for o caso, as transferencias dos medios persoais e materiais necesarios para o exercicio desa xestión de acordo co establecido na súa lei reguladora.

2. A xestión, liquidación, recadación e inspección dos tributos cedidos parcialmente corresponde á Administración do Estado, sen prexuízo da delegación que a comunidade autónoma poida recibir deste, e da colaboración que se poida establecer cando así o exixa a natureza do tributo.

3. A revisión pola vía económico-administrativa das reclamacións que os contribuíntes poidan interpor con-

tra os actos ditados en materia tributaria pola comunidade autónoma corresponderá aos seus propios órganos económico-administrativos, sen prexuízo das competencias en materia de unificación de criterio que correspondan á Administración xeral do Estado.

4. Mediante unha lei das Cortes de Aragón poderase crear unha axencia tributaria de Aragón, á cal se encomendará a aplicación de todos os tributos propios, ben como dos tributos estatais cedidos totalmente polo Estado a Aragón, con respecto ao disposto na lei orgánica prevista no artigo 157.3 da Constitución.

5. A Administración tributaria do Estado e da Comunidade Autónoma de Aragón fomentarán os medios de colaboración e coordinación que sexan precisos.

6. En desenvolvemento do previsto no número anterior, para a xestión tributaria dos tributos cedidos parcialmente, especialmente cando o exixa a natureza do tributo, constituirase, de acordo co Estado, un instrumento ou ente equivalente en que participarán, de forma paritaria, a Administración tributaria do Estado e da comunidade autónoma.

Artigo 107. *Transferencias, mecanismos de nivelación e solidariedade.*

1. O sistema de ingresos da Comunidade Autónoma de Aragón garantirá, nos termos previstos na Lei orgánica que prevé o artigo 157.3 da Constitución, os recursos financeiros que, atendendo ás necesidades de gasto de Aragón e á súa capacidade fiscal, aseguren o financiamento suficiente para o exercicio das competencias propias na prestación do conxunto dos servizos públicos asumidos, sen prexuízo de respectar a realización efectiva do principio de solidariedade en todo o territorio nacional nos termos do artigo 138 da Constitución.

2. A Comunidade Autónoma de Aragón participará nos mecanismos de nivelación e solidariedade co resto das comunidades autónomas, no marco do disposto no sistema xeral de financiamento, co fin de que os servizos públicos de educación, sanidade e outros servizos sociais esenciais do Estado do benestar prestados polas diferentes administracións autonómicas aos seus cidadáns se sitúen en niveis similares, sempre que se leve a cabo un esforzo fiscal similar. Os citados niveis serán fixados polo Estado.

A determinación dos mecanismos de nivelación e solidariedade realizarase de acordo co principio de transparencia e o seu resultado avaliarase quinquenalmente.

3. Cando a comunidade autónoma, mediante os recursos tributarios derivados do sistema de financiamento das comunidades autónomas, non alcance para cubrir un nivel mínimo equiparable ao resto do conxunto do Estado para os citados servizos públicos, estableceranse os mecanismos de nivelación e solidariedade previstos na Lei orgánica a que se refire o artigo 157.3 da Constitución. Na mesma forma, e se proceder, a Comunidade Autónoma de Aragón achegará recursos aos mecanismos de nivelación e solidariedade.

4. En todo caso, calquera actuación do Estado en materia tributaria que supoña unha variación de ingresos, ou a adopción por aquel de medidas que poidan facer recaer sobre a Comunidade Autónoma de Aragón unha variación das súas necesidades de gasto non previstas na data de aprobación do sistema de financiamento vixente, ou no momento da subscripción do acordo previsto no artigo seguinte, determinarán a adopción das medidas de compensación oportunas.

De acordo co principio de lealdade institucional a que se refire o artigo 103, a valoración das variacións

referirase a un período de tempo determinado e terá en conta os efectos positivos e negativos das disposicións xerais ditadas polo Estado e os citados efectos que as disposicións ditadas pola comunidade autónoma teñan sobre o Estado.

5. Para determinar o financiamento que dentro do sistema corresponde á comunidade, atenderase ao esforzo fiscal, á súa estrutura territorial e poboacional, especialmente, o envellecemento, a dispersión e a baixa densidade de poboación, ben como os desequilibrios territoriais.

Artigo 108. *Acordo bilateral económico-financeiro co Estado.*

Para os efectos de concretar o disposto no artigo 104 e, de forma especial, a participación territorializada de Aragón nos tributos xerais que se determine e as condicións para a aprobación de recargas sobre tributos do sistema fiscal xeral, no marco do disposto no artigo 157.3 da Constitución e na lexislación que o desenvolva, a Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Aragón subscribirán un acordo bilateral que se formalizará en comisión mixta e poderá ser revisado periodicamente de forma conxunta, deberá ter en conta o esforzo fiscal de Aragón e que atenderá singularmente aos criterios de corresponsabilidade fiscal e solidariedade interterritorial.

Artigo 109. *Comisión Mixta de Asuntos Económico-Financeiros Estado-Comunidade Autónoma de Aragón.*

1. A Comisión Mixta de Asuntos Económico-Financeiros Estado-Comunidade Autónoma de Aragón é o órgano bilateral de relación entre ambas as administracións nas materias sobre financiamento autonómico específicas aragonesas e dentro do marco establecido na Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas.

Para tal efecto, correspóndelle a concreción, desenvolvemento, actualización, seguimento e adopción de medidas de cooperación en relación co sistema de financiamento, ben como as relacións fiscais e financeiras entre ambas as administracións e, especialmente, a adopción das medidas previstas no artigo 107 deste estatuto.

2. Corresponde á Comisión Mixta de Asuntos Económico-Financeiros Estado-Comunidade Autónoma de Aragón:

a) Acordar o alcance e condicións da cesión de tributos de titularidade estatal e, especialmente, as porcentaxes de participación no rendemento dos tributos estatais cedidos parcialmente.

b) Establecer os mecanismos de colaboración entre a Administración tributaria de Aragón e a Administración tributaria do Estado, ben como os criterios de coordinación e de harmonización fiscal de acordo coas características ou a natureza dos tributos cedidos.

c) Negociar a porcentaxe de participación de Aragón na distribución territorial dos fondos estruturais europeos.

d) Estudar os investimentos que o Estado realizará na Comunidade Autónoma de Aragón.

e) Acordar a valoración dos traspasos de servizos do Estado á comunidade autónoma.

f) Establecer os mecanismos de colaboración entre a comunidade autónoma e a Administración xeral do

Estado que sexan precisos para o adecuado exercicio das funcións de revisión en vía económico-administrativa.

g) Acordar os mecanismos de colaboración entre a comunidade autónoma e o Estado para o exercicio das funcións en materia catastral.

h) Seguimento do cumprimento do acordo bilateral económico-financeiro previsto no artigo 108.

i) En consonancia co establecido no artigo 107.4, propor as medidas de cooperación necesarias para garantir o equilibrio do sistema de financiamento que establece este título.

3. A Comisión adoptará o seu regulamento interno de funcionamento por acordo entre ambas as delegacións.

Os membros da delegación aragonesa na comisión renderán contas ás Cortes de Aragón sobre o cumprimento das disposicións contidas neste capítulo.

Artigo 110. *Operacións de crédito.*

1. A Comunidade Autónoma de Aragón poderá realizar operacións de crédito para cubrir as súas necesidades transitorias de tesouraría, respectando os principios xerais e a normativa estatal.

2. A comunidade autónoma, mediante lei das Cortes de Aragón, poderá recorrer a calquera tipo de préstamo ou crédito, ben como emitir débeda pública ou títulos equivalentes para financiar gastos de investimento, consonte o disposto na lei a que se refire o artigo 157.3 da Constitución.

3. O volume e as características das emisións estableceranse de acordo coa ordenación xeral da política crediticia, en colaboración co Estado e respectando os principios xerais e a normativa estatal.

4. Os títulos emitidos terán a consideración de fondos públicos para todos os efectos.

Artigo 111. *Orzamento.*

1. Corresponde ao Goberno de Aragón a elaboración e execución do orzamento e ás Cortes o seu exame, emenda, aprobación e control.

2. O orzamento da comunidade autónoma será único e incluírá a totalidade dos gastos e ingresos do sector público autonómico, ben como o importe dos beneficios fiscais correspondentes aos tributos que xeren rendementos á Facenda aragonesa.

3. O orzamento da comunidade autónoma terá carácter anual. Non obstante, se a lei de orzamentos non se aproba antes do primeiro día do exercicio económico correspondente, considerarase automaticamente prorrogado o orzamento do exercicio anterior até a aprobación do novo.

4. O Goberno remitirá ás Cortes de Aragón o proxecto de orzamento antes do último trimestre do exercicio en curso.

Artigo 112. *Cámara de Contas de Aragón.*

1. A Cámara de Contas de Aragón é, sen prexuízo das competencias que a Constitución lle atribúe ao Tribunal de Contas, o órgano fiscalizador da xestión económico-financeira, contable e operativa do sector público da Comunidade Autónoma de Aragón.

Así mesmo, fiscalizará a xestión económico-financeira, contable e operativa das entidades locais do territorio aragonés, sen prexuízo das competencias que neste ámbito teña atribuídas o Tribunal de Contas.

2. A Cámara de Contas de Aragón dependerá directamente das Cortes de Aragón e exercerá as súas funcións por delegación destas.

3. Unha lei das Cortes de Aragón regulará a súa composición, organización e funcións.

CAPÍTULO III

Patrimonio da Comunidade Autónoma de Aragón

Artigo 113. *Patrimonio.*

1. A Comunidade Autónoma de Aragón dispón de patrimonio propio.

2. O patrimonio da Comunidade Autónoma de Aragón estará integrado por todos os bens e dereitos de que sexa titular, calquera que for a súa natureza e o título de adquisición.

3. Unha lei de Cortes de Aragón regulará o réxime xurídico do patrimonio da comunidade autónoma, ben como a súa administración, conservación e defensa.

CAPÍTULO IV

Facenda das entidades locais aragonesas

Artigo 114. *Relacións financeiras coas entidades locais aragonesas.*

1. Corresponde á comunidade autónoma a tutela financeira respecto das entidades locais, respectando, en todo caso, a autonomía recoñecida a elas nos artigos 137, 140, 141 e 142 da Constitución.

2. A Comunidade Autónoma de Aragón colaborará coas entidades locais na xestión, liquidación, recadación e inspección dos tributos que teñen atribuídos, respectando a súa autonomía financeira e de conformidade co establecido na lexislación básica do Estado e a emanada das Cortes de Aragón.

3. Os ingresos das entidades locais consistentes en participacións en tributos e en subvencións incondicionadas estatais que se perciban a través da comunidade autónoma, serán distribuídos por esta de acordo cos criterios legais establecidos polo Estado para tales participacións.

4. Consonte o principio de suficiencia financeira, a comunidade autónoma participará no financiamento das corporacións locais aragonesas achegándolles as asignacións de carácter incondicionado que establezan as Cortes de Aragón. Os criterios de distribución destas achegas aprobaranse mediante lei das Cortes de Aragón e deberán ter en conta as necesidades de gasto e a capacidade fiscal dos entes locais.

5. O conxunto das achegas realizadas ás corporacións locais integrarase no Fondo Local de Aragón.

TÍTULO IX

Reforma do Estatuto

Artigo 115. *Procedemento de reforma.*

1. A iniciativa da reforma deste estatuto corresponderá ao Goberno de Aragón, ás Cortes de Aragón por proposta dun quinto dos seus deputados e deputadas e ás Cortes Xerais.

2. A proposta de reforma requirirá, en todo caso, a aprobación das Cortes de Aragón por maioría de dous terzos e a aprobación das Cortes Xerais mediante lei orgánica.

3. Aprobada a reforma polas Cortes de Aragón, o texto será presentado no Congreso dos Deputados.

4. As Cortes de Aragón elixirán de entre os seus membros unha delegación para participar na tramitación da proposta de reforma nas Cortes Xerais, mediante a constitución dunha comisión mixta paritaria ou o procedemento que prevexa o Regulamento do Congreso dos Deputados.

5. As Cortes de Aragón, por maioría de dous terzos, poderán retirar a proposta de reforma en calquera momento da tramitación nas Cortes Xerais, antes de ser aprobada de forma definitiva. Neste caso, non será de aplicación o disposto no número seguinte.

6. Se a proposta de reforma non for aprobada polas Cortes de Aragón ou polas Cortes Xerais, non poderá ser sometida novamente a debate e votación até ter transcorrido un ano.

7. A aprobación da reforma polas Cortes Xerais, mediante lei orgánica, incluirá a autorización do Estado para que o Goberno de Aragón convoque referendo de ratificación do corpo electoral de Aragón nun prazo de seis meses desde a votación final nas Cortes Xerais. O Goberno de Aragón convocará tal referendo se así o acordan previamente as Cortes de Aragón co voto favorable das dúas terceiras partes dos seus membros.

Disposición adicional primeira.

1. Mediante a correspondente norma do Estado, e baixo a súa tutela, creárase e regularase a composición e funcións dun Padroado do Arquivo da Coroa de Aragón, no cal terá participación preeminente a nacionalidade histórica de Aragón e outras comunidades autónomas. Este Padroado emitirá informe con carácter preceptivo e vinculante sobre calquera decisión que afecte a integridade da unidade histórica do Arquivo da Coroa de Aragón ou a súa xestión unificada.

2. A nacionalidade histórica de Aragón emitirá informe sobre o anteproxecto de norma a que se refire o número anterior, atendendo á unidade histórica do Arquivo da Coroa de Aragón.

Disposición adicional segunda.

1. Cédense á Comunidade Autónoma de Aragón, nos termos previstos no número 3 desta disposición, os seguintes tributos:

a) Tributos estatais cedidos totalmente:

- Imposto sobre o patrimonio.
- Imposto sobre sucesións e doazóns.
- Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.
- Os tributos sobre o xogo.
- O imposto especial sobre a electricidade.
- O imposto especial sobre determinados medios de transporte.
- O imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos.

b) Tributos estatais cedidos parcialmente:

- Imposto sobre a renda das persoas físicas.
- O imposto sobre o valor engadido.
- O imposto especial sobre a cervexa.
- O imposto especial sobre o viño e bebidas fermentadas.
- O imposto especial sobre produtos intermedios.
- O imposto especial sobre o alcohol e bebidas derivadas.
- O imposto especial sobre hidrocarburos.

- O imposto especial sobre os elaborados do tabaco.

2. O contido desta disposición poderase modificar mediante acordo do Goberno do Estado co de Aragón, que será tramitado por aquel como proxecto de lei. Para estes efectos, a modificación desta disposición non se considerará modificación do estatuto.

3. O alcance e condicións da cesión serán establecidos pola Comisión Mixta, que, en todo caso, os referirá a rendementos en Aragón. O Goberno do Estado tramitará o acordo da Comisión como proxecto de lei.

Disposición adicional terceira.

A aceptación do réxime de autonomía que se establece neste estatuto non implica a renuncia do pobo aragonés aos dereitos que como tal lle poderían corresponder en virtude da súa historia, que poderán ser actualizados de acordo co que establece a disposición adicional primeira da Constitución.

Disposición adicional cuarta.

1. A Comunidade Autónoma de Aragón poderá solicitar ao Estado a transferencia ou delegación de competencias non recollidas neste estatuto, de conformidade co que establece o artigo 150.2 da Constitución española.

2. Tamén poderá solicitar as transferencias ou delegacións de competencias non incluídas no artigo 149.1 da Constitución e non asumidas pola comunidade autónoma mediante este estatuto.

Disposición adicional quinta.

A planificación hidrolóxica concretará as asignacións, investimentos e reservas para o cumprimento do principio de prioridade no aproveitamento dos recursos hídricos da bacía do Ebro e dos dereitos recollidos no artigo 19 deste estatuto, considerando que a resolución das Cortes de Aragón do 30 de xuño de 1992 establece unha reserva de auga para uso exclusivo dos aragoneses de 6.550 hm³.

Disposición adicional sexta.

Para a fixación dos investimentos do Estado en Aragón en infraestruturas ponderaranse, con carácter prioritario, a superficie do territorio, os custos diferenciais de construción derivados da orografía, ben como a súa condición de comunidade fronteiriza, e incorporaranse criterios de equilibrio territorial a favor das zonas máis despoboadas.

Disposición transitoria primeira.

1. A Comisión Mixta de Asuntos Económico-Financeiros Estado-Comunidade Autónoma de Aragón que establece o artigo 109 débese crear no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor deste estatuto. Mentres non se constituía, a actual Comisión Mixta de Transferencias asume as súas competencias.

2. Se na data de entrada en vigor deste estatuto non estiver resolto o contencioso sobre o disposto no número 1 da disposición adicional segunda da Lei orgánica 8/1982, a Comisión Mixta de Asuntos Económico-Financeiros examinará o obxecto do litixio co fin de resolvelo.

Disposición transitoria segunda.

1. Coa finalidade de transferir á Comunidade Autónoma de Aragón as funcións e atribucións que lle corresponden de acordo con este estatuto, crearase unha comisión mixta de transferencias paritaria integrada por representantes do Estado e da comunidade autónoma. Esta comisión establecerá as súas normas de funcionamento. Os representantes da comunidade autónoma na comisión darán conta periodicamente da súa xestión ante as Cortes de Aragón.

A comisión mixta establecerá as condicións, os calendarios e prazos e os medios persoais e materiais necesarios para o traspaso de cada servizo.

2. Os acordos da comisión mixta adoptarán a forma de proposta ao Goberno de España, que os aprobará mediante decreto, figurando aqueles como anexos a este, e serán publicados simultaneamente no «Boletín Oficial del Estado» e no «Boletín Oficial de Aragón», adquirindo vixencia a partir desta última publicación.

3. Será título suficiente para inscrición no Rexistro da propiedade do traspaso de bens inmobles do Estado á Comunidade Autónoma de Aragón a certificación pola comisión mixta dos acordos gobernamentais debidamente promulgados. Esta certificación deberá conter os requisitos exixidos pola Lei hipotecaria.

O cambio de titularidade nos contratos de arrendamento de locais para oficinas públicas dos servizos que se transfiran non lle dará dereito ao arrendador a extinguir ou renovar o contrato.

4. A transferencia ou delegación de servizos do Estado implicará a subrogación da comunidade autónoma na titularidade das correspondentes relacións xurídicas.

Disposición transitoria terceira.

Até se aprobar a lei prevista no artigo 58 deste estatuto e se constituír o Consello Consultivo de Aragón, a Comisión Xurídica Asesora continuará desempeñando as súas actuais funcións.

Disposición transitoria cuarta.

Até se crear a policía autonómica prevista no artigo 76, a comunidade autónoma poderá convir co Estado a adscrición dunha unidade do Corpo Nacional de Policía nos termos e para o exercicio das funcións previstas na lei orgánica a que se refire o artigo 149.1.29.a da Constitución.

Disposición transitoria quinta.

O requisito dun referendo confirmatorio e demais trámites regulados no artigo 115 serán exhibibles para as reformas deste estatuto que se puideren producir no futuro.

Disposición derogatoria.

Queda derogada a Lei orgánica 8/1982, do 10 de agosto, do Estatuto de autonomía de Aragón, modificada pola Lei orgánica 6/1994, do 24 de marzo, e pola Lei orgánica 5/1996, do 30 de decembro.

Disposición derradeira.

Este estatuto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto.

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 20 de abril de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DO INTERIOR

8709 REAL DECRETO 476/2007, do 13 de abril, polo que se modifica o Regulamento de provisión de destinos do persoal do corpo da Garda Civil, aprobado polo Real decreto 1250/2001, do 19 de novembro. («BOE» 101, do 27-4-2007.)

A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, mediante a súa disposición adicional novena, punto tres, engadiulle unha letra i) ao punto 1 do artigo 20 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, e creou especificamente para a funcionaria vítima de violencia de xénero un dereito preferente para obter outro posto propio do seu corpo ou escala, de análogas características, que se encontre vacante e sexa de necesaria provisión, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral.

Por outro lado, o Real decreto 255/2006, do 3 de marzo, polo que se modifican o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios da Administración xeral do Estado, aprobado polo Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, e o Regulamento de situacións administrativas dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, aprobado polo Real decreto 365/1995, do 10 de marzo, tamén desenvolve diversos aspectos relativos á mobilidade da funcionaria vítima de violencia de xénero, fundamentalmente, sobre o procedemento de solicitude, as vacantes que a afectada pode solicitar e a consideración de forzosos para os traslados que impliquen cambio de residencia.

A Orde APU/3902/2005, do 15 de decembro, dispuxo a publicación do acordo da Mesa Xeral de Negociación polo que se establecen medidas retributivas e para a mellora das condicións de traballo e a profesionalización dos empregados públicos, coñecidas como «Plan Concilia».

Entre esas medidas, inclúe o dereito explícito á protección das empregadas públicas obxecto de situacións de violencia de xénero, para facilitar a súa mobilidade no seo da Administración do Estado con especiais garantías, de xeito que aquela que se vexa obrigada a abandonar o posto de traballo na localidade onde viña prestando os seus servizos poida solicitar, do órgano competente, o traslado a un posto de traballo en distinta unidade administrativa ou noutra localidade, concedéndolle a este traslado a consideración de forzoso.

Para a rápida aplicación desta medida ás gardas civís que se encontren na citada situación, resulta necesario modificar o Regulamento de provisión de destinos do persoal do corpo da Garda Civil, aprobado polo Real decreto 1250/2001, do 19 de novembro.

A efectiva aplicación desta medida protectora das gardas civís que sufriron a violencia de xénero ata o punto de que as obrigue a un cambio de destino, exige engadirlle un novo artigo 27 bis, que exceptúe os destinos das gardas civís que se encontren nesa situación do réxime xeral de asignación de destinos, permita facer efectiva a protección daquelas que se encontran en tales circunstancias e regule todas as súas especialidades, incluída a protección da súa intimidade.

Esta modificación débese completar coa do artigo 28.1, para exceptuar da obriga de publicación de tales destinos, e coa da alínea d) do artigo 42.1, para establecerlle unha reserva de destino á garda civil vítima de violencia de xénero que pasase á situación de excedencia voluntaria por esa condición.